

# > relatoría hiperespazos

**HIPERESPAZOS. A casa fóra da casa.**

**Xornadas sobre residencias artísticas e xestión innovadora de espazos culturais e sociocomunitarios.**

**21, 22, 23 de novembro de 2017. Centro Ágora. A Coruña**

Organización:

Concellaría de Culturas, Deporte e Coñecemento

Concellaría de Participación e Innovación Democrática

Curadoría e mediación:

Colectivo RPM (Caterina Varela, Félix Fernández e Sabela Mendoza)

Produción:

Asociación cultural eSe8; Ana Domínguez (producción executiva), Tamara Blanco (coordinación de produción), Ximena Losada (invitados), Nela Fraga (redes sociais), Isabel Vila (deseño)

Redacción relatoría:

Ania González, Horacio González, Enrique Lista

Edición e maquetación relatoría:

Colectivo RPM

<https://hiperespazos.tumblr.com/>

Programa: [https://www.coruna.gal/download/1453634056966/Folleto\\_Hiperespazos\\_V18.pdf](https://www.coruna.gal/download/1453634056966/Folleto_Hiperespazos_V18.pdf)

Ligazóns aos documentos abertos: <https://hiperespazos.tumblr.com/en%20aberto>

# > índice

> <a href="#">Introdución</a>	páx. 3
<a href="#">As xornadas</a>	páx. 4
<a href="#">A relatoría</a>	páx. 7
> <a href="#">Universos</a>	páx. 8
<a href="#">Universo persoas</a>	páx. 9
<a href="#">Universo estruturas administrativas e xurídicas</a>	páx. 11
<a href="#">Universo afectos</a>	páx. 15
<a href="#">Universo recursos</a>	páx. 17
<a href="#">Universo diálogo co contexto</a>	páx. 19
<a href="#">Universo diñeiro</a>	páx. 21
<a href="#">Universo criterios e identidade</a>	páx. 22
> <a href="#">Os Casos</a>	páx. 25
<a href="#">Xesús Ron / Chévere</a>	páx. 25
<a href="#">Santiago Eraso / Arteleku</a>	páx. 26
<a href="#">Tere Badía / Hangar</a>	páx. 27
<a href="#">Natalia Oliete e María Bascompte / Casa Orlandai</a>	páx. 28
<a href="#">Cristina Alonso / El Graner</a>	páx. 29
<a href="#">Diego Garulo / Harinera Zaragoza</a>	páx. 30
<a href="#">Montse López e Santiago López / EVA (Espacio Vecinal Arganzuela)</a>	páx. 31
<a href="#">Elvira Vila e Issac Comas / Ca N'Altimira</a>	páx. 31
<a href="#">Alberto Fortes e Alfonso Rodríguez / Plataforma Proxecto Cárcere</a>	páx. 33
<a href="#">Caterina Varela e Félix Fernández (Colectivo RPM) / Residencias Paraíso</a>	páx. 34
<a href="#">Ánxel García Seoane / Casas en préstamo do Concello de Oleiros</a>	páx. 35
> <a href="#">Glosario</a>	páx. 36
> <a href="#">Hipervínculos</a>	páx. 48

# > introdución

O título das xornadas **Hiperespazos. A casa fóra da casa** fai referencia de xeito simbólico á **proxección e imaxinación dun espazo que está por construír**. Nelas tentouse achegar á cidadanía a realidade doutros exemplos que funcionan de xeito innovador arredor dos conceptos de residencia artística, planificación e uso integral de espazos culturais e socio-comunitarios, así como da aposta de cada territorio polo talento artístico e o desenvolvemento da creatividade do seu contexto. Para acadalo, o encontro contou coa participación de persoal técnico de bibliotecas, centros cívicos e sociais, profesionais de espazos culturais, representantes de espazos con xestión comunitaria ou persoas e colectivos impulsores de residencias artísticas de diferentes municipios, co ánimo de facilitar a **aprendizaxe colectiva dos distintos universos que conforman o hiperespazo físico e social da cidade**.

Imaxinar este tipo de espazos abertos á construción é unha tarefa ineludible xa que dela depende o dotarnos de **ferramentas para a cohesión social, o fomento da autonomía das comunidades veciñais e a produción cultural conectada co contexto**.

Na cidade da Coruña houbo e hai relevantes exemplos de asociacionismo e activismo comunitario <sup>(1)</sup>, se ben tamén é certo que faltan precedentes de coxestión público-comunitaria que entendan o acompañamento institucional como unha garantía de autonomía e non como un exercicio de control. Coñecer casos noutras cidades e tecer vínculos de relación é xa comezar a traballar nesa dirección innovadora, cara a construción dos hiperespazos.

---

(1) Exemplos que van dende as distintas asociacións veciñais de longa traxectoria na cidade, asociacións de música tradicional como Xacarandaina, pasando polo centro social Gomes Gaioso no barrio de Monte Alto, o centro social autoxestionado A casa das Atochas, o colectivo Universidade Invisíbel ata os movementos culturais do colectivo Misa de Domingas ou do espazo social de intervención artística A Casa Tomada, por citar algúns casos concretos, entre moitos outros.

# > as xornadas

As xornadas sobre residencias artísticas e xestión innovadora de espazos culturais e sociocomunitarios celebradas os días 21, 22 e 23 de novembro do 2017 no Centro Ágora da Coruña forman parte do proceso de apertura e revisión de modelos institucionais iniciado polo Concello da Coruña a través da acción das Concellerías de Participación e Innovación Democrática e da Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento.

**Unha aposta polo encontro de experiencias de coxestión público-cidadá de espazos sociais destinados á creación comunitaria.** Máis especificamente, estas xornadas tiveron como propósito **abrir vías para repensar os usos e formas de xestión de espazos e equipamentos públicos**, xa existentes na cidade, como os Centros Cívicos, o IMCE (coa competencia delegada da xestión do Coliseum, Teatro Rosalía, Fórum Metropolitano, Centro Ágora e Festas da Coruña), a Rede de Museos Científicos (Aquarium Finisterrae, Domus e Casa das Ciencias), os espazos expositivos Kiosco Alfonso, Sala de Exposicións do Palacio Municipal e Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga, ou aqueles para os que se está a traballar nun modelo para o futuro, como O Cárcere Provincial (Monte Alto), a Antiga Cafetería Remanso (Catro Camiños) ou o Faro de Oza, e de próxima cesión como o Teatro Colón. Tendo en conta para isto a necesidade de aprender doutros referentes e levar a cabo o estudo e a avaliación doutras experiencias na busca de ferramentas de planificación que poidan ser de utilidade.

O achegamento aos diversos referentes escollidos como interlocutores para as xornadas de Hiperespazos produciuse por medio de dous tipos de intervencións estreitamente conectadas e que se foron alternando: as dos **casos** e as agrupadas nos **universos** temáticos:

> Nos “casos”, conversas cun formato próximo ao de entrevista, transmitíronse algunhas das chaves tanto do funcionamento como da razón de ser deste tipo de espazos, e as experiencias vividas na montaxe destes modelos de xestión procedentes do activismo social, o servizo público, as empresas de servizos vinculadas a entidades locais ou o ámbito político e institucional. Estas sesións celebráronse no auditorio do Ágora e estiveron abertas ás achegas ou preguntas das persoas asistentes.

> Pola súa parte, os “universos” foron dinámicas de debate arredor de áreas temáticas concretas, celebrados en diversos espazos do Ágora (sempre procurando unha organización horizontal dos mesmos que propiciase a participación), articulados a partir de preguntas ou hipóteses aportadas polo equipo de mediación e abertos á reflexión colectiva entre persoas invitadas e asistentes. A intención era a de activar conversas máis participadas entorno aos temas ou “universos” comúns polos que é preciso transitar para construír un proxecto innovador, dinámico, aberto, participado, integrador e sustentable.

As **persoas que ofreceron o seu relato sobre os casos** foron Diego Garulo (sobre Harinera Zaragoza), Santiago Eraso (sobre diversos proxectos nos que participou, en especial sobre Arteleku, Donosti), Natalia Oliete e María Bascompte (sobre Casa Orlandai, Barcelona), Cristina Alonso (sobre El Graner, Barcelona), Montse López e Santiago López (sobre EVA Arganzuela, Madrid), Xesús Ron (sobre Grupo Chévere como compañía residente en Teo), Alberto Fortes e Alfonso Rodríguez (sobre Proxecto Cárcere, A Coruña), Elvira Vila e Isaac Comas (sobre Ca N' Altimira, Cerdanyola del Vallès), Ángel García Seoane (sobre equipamentos municipais do Concello de Oleiros), Tere Badia (sobre Hangar, Barcelona) e o Colectivo RPM (sobre Residencias Paraíso, Galicia).

Os **universos temáticos** foron “Persoas” (coa participación de Diego Garulo, Santiago Eraso e Cristina Alonso), “Estruturas administrativas e xurídicas” (con Xesús Ron, Natalia Oliete, María Bascompte, Marta García, Diego Garulo e Laia Forné), “Afectos” (con Cristina Alonso, Elvira Vila, Xesús Ron, Santiago López e Montse López), “Recursos” (con Tere Badia, Laia Forné e Diego Garulo), “Diálogo co contexto” (con Cristina Alonso, Carmen Cotelo, Diego Garulo e Elvira Vila), “Diñeiro” (dinámica conxunta coa mediación de RPM) e “Criterios e identidade” (con Tere Badia, Cristina Alonso, Montse López e Santiago López).

Nalgúns dos títulos pode apreciarse que as xornadas foron pensadas como un lugar para o intercambio de coñecementos prácticos ou técnicos, pero tamén de afectos e criterios, na medida en que todos son necesarios para o rigor dos proxectos que tenten camiñar cara a construción de cidades sostibles e igualitarias, próximas ás cidadás e cidadáns na súa diversidade, con espazos para a participación nas políticas públicas e a toma de decisións, na procura dunha mellor vida en común.

O papel dos concellos, así como das institucións do común, na construción deste modelo de cidade é un reto complexo convertido nunha **realidade a afrontar dende o traballo diario**. As potencialidades de transformación efectiva para a cidade da Coruña están nun momento decisivo, dada a fragilidade do relevo institucional de modelos. É por iso que en encontros como estas xornadas, a conexión con outras cidades e casos de estudo é unha oportunidade de aprender e colaborar no enfrontamento ao desafío de transformar a realidade.

Este é un **traballo que necesariamente temos que afrontar en rede**, contando tamén co tecido asociativo e coa cidadanía en xeral, sen que esta afirmación deba entenderse de maneira abstracta senón referida ás formas concretas e aos métodos de toma de decisións. Aínda que as experiencias prácticas noutros contextos non poidan trasladarse sen máis ao noso, o seu coñecemento poderá axudar a dotar dun marco á nosa propia tradición, para facela partícipe dos procesos de construción comunitaria.

Nesta liña transformadora, durante as xornadas de Hiperespazos apostouse por recoller, comparar e **traballar sobre a base de novos modelos de coxestión de bens**, que se ben son na súa maioría de titularidade pública, non son xa unicamente públicos ou privados, pois a súa explotación tería que ver coa construción dun proxecto de comunidade ou pro-común dotado polas persoas implicadas dunhas normas concretas, dentro do ámbito do dereito público. A autoxestión e/ou a xestión comunitaria implican unha muda no colectivo. As institucións públicas non terían na transición cara este modelo un papel de tutela, senón de catalizadores, pois elas mesmas deben ser entendidas como parte do común para o que deberan traballar.

Nesta dirección, para que unha xestión comunitaria real sexa posible, deben coexistir unha **vontade política**, unha **vontade profesional** e unha **vontade comunitaria** que, a través da regulación do dereito (privado e público), se orienten á protección do **ben común**, evitando a privatización e/ou capitalización dos servizos sociais. Así pois, as xornadas supuxeron a oportunidade de indagar as posibilidades existentes para **dotar de forma** ás prácticas sociais e culturais dende a Administración Local, crear sistemas de **gobernanza** con participación plural, equilibrar a independencia e autonomía dos proxectos sociais e culturais, **coproducir** políticas públicas ou favorecer a creación e innovación nas **infraestruturas sociais**. Todo elo nun entorno que posibilitou a consolidación de **canles de diálogo, relación e traballo** co obxectivo de manter unha rede de conexións operativa e atopar **novas formas de xestión** que faciliten o uso dos espazos xa existentes.

# > a relatoría

Ao igual que as xornadas utilizan de maneira simbólica o hiperespazo, esta relatoría imaxina despois de acompañalos, os trazados ou órbitas descritas polas principais cuestións a debate. O presente documento non debe entenderse só como unhas “actas de conferencias” ou similares modelos de rexistro de discursos, xa que ademais do necesario traballo de síntese tamén se aporta reflexión e crítica. Tendo apuntado xa a vontade e necesidade de compartir coñecementos, experiencias e afectos que motivou ás xornadas, o papel da relatoría ven a complementar a achega xeral de Hiperespazos, destilando o fundamental dos diversos relatos acollidos, coidando de activar as súas potencialidades e evitando a proposta de fórmulas de xestión concretas para deixar abertas as posibilidades que se apuntaron.

Apostamos polo desprazamento dende a habitual apelación á obxectividade, que con tanta frecuencia agocha diversas parcialidades, cara unha toma de posición consciente, tentando manter o rigor e a transparencia. Entendemos a situación problemática aportada polos termos “crítica” ou “crise” como condición de posibilidade para o cambio e a construción. Como se apuntou nalgúns dos relatos das xornadas, o conflito pode entenderse como un terreo de confluencia do diverso onde poden xurdir o pensamento e a actuación. Ademais de ser un documento de consulta que mantén a vontade de claridade e concisión, o presente é tamén un **documento de uso crítico, condición á que responde tamén a súa estrutura:**

> Tras esta introdución situamos a sección de contidos central, **“Universos”**, onde delimitamos as sete áreas temáticas polas que se transitou nas conversas das xornadas, ademais de ser o eixo de dinámicas específicas de debate que tamén relatamos, engadindo finalmente unha serie de ideas de fondo ou temas nodais que vinculan de xeito transversal estes universos.

> Despois desta sección sitúanse o apartado **“Casos”**, con fichas de formato regular que permiten coñecer o fundamental da persoa ou persoas que transmitiron os seus relatos nas xornadas, así como o perfil e funcionamento dos proxectos dos que nos falan.

> Tralos casos, o **“Glosario”** funciona como unha sección transversal e de síntese, na que se propón un listado dos termos nos que semellaron confluír os distintos relatos e se fai referencia ao uso concreto que se lles deu neste contexto. E por último en **“Hipervínculos”** recóllense enlaces e referencias que abren vías de acceso a outra información de interese (libros, páxinas web, outras publicacións e fontes, etc.).

O obxectivo desta estrutura como forma elixida para recoller os numerosos contidos e propostas das xornadas é, ademais de transmitir un saber, achegar unha invitación a reflexionar e actuar dende as distintas posicións das lectoras e lectores.

# > os universos

Como se ten apuntado, esta sección toma o título das dinámicas de debate que nas xornadas se organizaron arredor das sete áreas temáticas propostas: persoas, estruturas administrativas e xurídicas, afectos, recursos, diálogo co contexto, diñeiro e criterios e identidade.

Deste xeito, dividimos o apartado nas sete áreas sinaladas, establecendo en cada unha delas a mesma estrutura expositiva: comezaremos cunha delimitación temática dese área e cun comentario do funcionamento da dinámica específica que se lle adicou nas xornadas e remataremos cunha serie de puntos ou ideas de fondo que se trataron nas conversas. Entendemos que estas ideas de fondo tenden á transversalidade, indo máis aló do universo no que as situamos, motivo polo cal engadimos ao final de cada unha un apuntamento sobre posibles relacións con outros universos. Estes vínculos quedarán apuntados coas seguintes abreviaturas: **Universo Persoas (UP)**, **Universo Estruturas Administrativas e Xurídicas (UX)**, **Universo Afectos (UA)**, **Universo Recursos (UR)**, **Universo Diálogo con Contexto (UC)**, **Universo Diñeiro (UD)** e **Universo Criterios e Identidade (UI)**.

Coidamos que esta dialéctica pode tecer relacións entre os distintos universos poden debuxar virtualmente a constelación deses hiperespazos aos que remitiron as xornadas, así como axudar a identificar e trazar os percorridos ou órbitas da súa interacción.

O equipo de mediación facilitou enlaces a documentos abertos para recoller posibles achegas en liña durante as xornadas. A maior resposta deuse no documento relativo ao “Universo estruturas administrativas e xurídicas”, pero os restantes non recibiron achegas. Tendo en conta a deriva do debate no primeiro universo (Persoas) cara o segundo (Estruturas administrativas e xurídicas), o volume de achegas ao documento aberto para este último e a ausencia das mesmas nos outros documentos, pode valorarse que esta ferramenta funcionou no plano máis técnico-administrativo, pero non foi útil noutros planos asociados á construción dos proxectos.



# > universo persoas

Conversa aberta ca participación de Santiago Eraso, Diego Garulo e Cristina Alonso.

Lugar: Sala 9 do Centro Ágora (distribución horizontal)

> vídeo documentación: <https://youtu.be/DCGONNaxVe8>

Este universo refírese ás persoas que se vinculan aos proxectos e que os fan posibles. Este vínculo pode darse ao formar parte do equipo responsable dun proxecto ou da comunidade colaboradora, pero tamén pode darse, dende a outra parte, para as persoas convidadas, usuarias ou beneficiarias. Nalgúns casos os roles e as persoas están claramente identificadas, noutros casos os perfís son máis abertos, podendo darse combinacións ou cambios de posición respecto do proxecto. Non hai unha fórmula única, cada comunidade deberá atopar as respostas axeitadas para dar coa súa fórmula de habitar e convivir.

Na dinámica articulada nas xornadas en torno a este universo comentáronse algúns exemplos particulares, e compartíronse algunhas das preguntas fundamentais para este plano temático: cal é o equipo mínimo para sostener un proxecto? ou como pode un proxecto ser integrador e inclusivo e, ao mesmo tempo, dirixirse ás necesidades dunha comunidade ben concreta? A resposta dos participantes foi unánime no sentido de sinalar a imposibilidade de reducir ou escoller entre unhas persoas e outras que conforman, en definitiva, a identidade de conxunto dun espazo ou proxecto. O diálogo aberto dirixiuse cara as situacións das persoas cando se relacionan coa administración. Evidenciouse a frustración ante a burocratización e a dificultade de diálogo, e o debate entrou rapidamente no ámbito das estruturas administrativas e xurídicas.

## > órbitas

### # Posibilidade e capacidade de implicación das persoas nos proxectos

Os proxectos precisan dunha implicación persoal que debe coidar o solapamento complexo dos ritmos da produción e da afectividade. Sexa cal sexa a posición que se ten respecto do proxecto, mantense con el unha relación afectiva que sostén e activa unha determinada dinámica de traballo na que se precisa conxugar elementos como a confianza no modelo, a coincidencia nos fins, os medios e o sentimento de pertenza e inclusión. É necesario facer que tanto as persoas que participan activamente no proxecto como as usuarias ou veciñas do mesmo poidan velo como un espazo no que

poder sentirse na casa.

É preciso atender tamén aos diferentes tempos das persoas, que normalmente terán que atender a outros traballos e obrigas. O debate sobre a profesionalización ou o carácter amateur / voluntario deste tipo de traballos en proxectos colectivos está continuamente presente. De novo, as dinámicas de contaminación entre as relacións laborais, de servizos ou mercantís coas de colaboración comunitaria son síntoma claro do cambio necesario no concepto e sentir respecto do servizo público, así como no tratamento que a administración local está a transmitir ou impoñer aos modelos de implicación sociocomunitaria, dentro do encaixe normativo estatal e europeo.

*>vinculado con UA, UI, UC*

### **# Importancia dos individuos á fronte dos proxectos**

Se o punto anterior afecta a todas as persoas implicadas nun proxecto, este afecta de xeito específico a aquelas que, mediante diversos procesos de concurso, selección e/ou representación, teñen un maior grado de autoridade, responsabilidade ou representatividade respecto dese proxecto.

Aínda que pareza ir á contra do espírito colectivista dos discursos articulados durante as xornadas, nos casos relatados puido apreciarse que moitos proxectos funcionan en grande medida por ter unha persoa con capacidade de decisión á fronte (claramente no caso de Santi Eraso en Arteleku, pero tamén pode ocorrer algo similar con Cristina Alonso ou Xesús Ron).

Podería abrirse un debate entre a xestión asemblearia e a xestión persoal, sen que unha das opcións garanta o valor cívico do proxecto. Tamén existen moitas opcións intermedias nas que se procura un equilibrio entre a participación democrática e a toma de decisións autónomas (e áxiles).

A influencia das individualidades concretas tamén pode verse no caso de axentes en principio alleos aos proxectos pero con capacidade de influír sobre eles (por exemplo, vontades políticas individuais que se sitúan a favor).

*> vinculado con UX, UI*

# > universo estruturas administrativas e xurídicas

Conversa aberta ca participación de Xesús Ron, Natalia Oliete, María Bascompte,  
Marta García, Laia Forné e Diego Garulo.  
Espazo: Sala 9 do Centro Ágora (distribución horizontal)

> vídeo documentación: <https://www.youtube.com/watch?v=gYMRjMjuWgE&feature=youtu.be>

Este universo refírese ás formas que debe adoptar un proxecto para levarse á práctica no espazo público, establecendo un modelo de xestión e de toma de decisións, de relación entre os axentes individuais ou colectivos implicados, de financiamento e sustentabilidade, etc.

As persoas implicadas no proxecto definen o seu modelo de xestión, no que poñer en práctica as relacións entre eles e deles co proxecto, para poder facer cousas. Cómpre definir dende o modelo de toma de decisións e organigrama, ata unhas normas de uso de espazos e recursos. Eses modelos, ao igual que as relacións entre as persoas implicadas, son múltiples (cambian dun proxecto a outro), ás veces poden ser preestablecidos e continuados no tempo, ás veces poden ser abertos e mudar no tempo, son limitados e limitantes, pero tamén flexibles e posibilitadores. Detrás deles están as estruturas administrativas e xurídicas, que non son outra cousa que contratos sociais e que, como tales, poden modularse e revisarse.

Para activar a participación neste universo, acudiuse ás experiencias de Laia Forné (asesora da Regidoria de Participación i Territori do Concello de Barcelona) e Marta García (directora da Asesoría Xurídica do Concello da Coruña). A súa vinculación aos respectivos concellos municipalistas, tendo en conta a longa traxectoria en proxectos de xestión socio-comunitaria do primeiro e o reto de futuro que está a afrontar o segundo, serviu para identificar nos seus relatos as principais problemáticas así como as solucións xenuínas para integrar as singularidades das diferentes personalidades, tanto físicas como xurídicas, que conforman unha institución, tratando de superar o simplificador modelo binario dentro/fóra.

En concreto, propuxéronse cuestións prácticas en torno aos diferentes modelos xurídicos de cesión, uso e xestión máis ou menos autónoma ou administrativamente participada dos espazos, inmobles e recursos de titularidade pública ou o recoñecemento e integración de iniciativas autónomas dentro dos límites do procedemento administrativo: que ferramentas xurídicas temos actualmente para acoller a unha compañía en residencia?, e para lle ceder á veciñanza a xestión ou o uso dun espazo municipal?, que novos tipos de cláusulas lle engadiríamos aos contratos?.

Saliéntase que é distinto falar de cesión dun espazo público, o que inclúe a capacidade de decidir sobre o seu modelo de xestión, maior autonomía das partes e maior proximidade a unha externalización do servizo público, que falar da cesión do uso do espazo ou recurso de acordo a un concurso público, convenio ou adxudicación directa. Este último modelo, aínda esixindo máis traballo co-responsable, posibilita o co-deseño entre a administración e a comunidade dun plan de uso, contidos e actividades, mediante a redacción participada das bases dun procedemento de concorrencia ou dunha oferta negociada. Aquí a mediación tería o reto de atender ás diferentes formas de contratación laboral ou mercantil.

O obxectivo que sinalan as experiencias de Laia Forné e Marta García, postas en relación coas achegas das restantes persoas presentes neste universo, é a de abandonar as políticas do “mentres tanto” ou “deixar facer” aplicadas a casos moi concretos e singulares, así como a de traballar na dirección de garantir un marco real para a xestión sociocomunitaria. Para isto identifícanse como necesarias a definición de criterios de valor e avaliación, co obxectivo de establecer modelos de gobernanza, e non só de xestión. Urxe salvagardar as prácticas comunitarias e engadir á súa gobernanza un marco de transparencia que permita incluso a creación de convocatorias públicas para mellorar proxectos xa adxudicados, nun procedemento de avaliación continua.

## > órbitas

### # Necesidade de dar forma xurídica ao colectivo/proxecto

Unha situación moi repetida é a de que os colectivos teñan que constituírse legalmente nalgũa personalidade xurídica (moitas veces asociación, pero non sempre) para participar en concursos públicos, o que non sempre responde a súa natureza pero que canaliza administrativamente as súas vontades de proxecto. Un debate frecuente pon sobre a mesa a posibilidade de que a relación formal coa institución se adapte á realidade dos colectivos e proxectos e non á inversa.

> *vinculado con UI, UP*

### # Lexitimidade e legalidade dos proxectos

Necesidade de lexitimar as concesións, de estudar modelos de cesión de uso e/ou de espazo. Nun sentido máis xeral, necesidade de dotar dun marco xurídico ás novas prácticas sociocomunitarias, a través de exercicios posibles como:

- > Traballar sobre a plasticidade das estruturas xurídicas
- > Adaptar a linguaxe dos proxectos
- > Apelar aos principios do dereito
- > Usar de forma diferente instrumentos dispoñibles (por exemplo a lexislación de montes mancomunados ou o concepto xurídico de patrimonio inmaterial)

- > Facer converxer legalidade e lexitimidade
- > Pasar das leis unilaterais aos compromisos bilaterais
- > Pasar da inspección á rendición de contas
- > Pasar da cesión de espazo á cesión de uso.

> *vinculado con UR, UI*

### # Especificidade dos proxectos

Situación das candidaturas colectivas que se presentan sen competencia a concursos de cesión e/ou xestión de espazos. Acostuma a tratarse de candidaturas/proxectos moi específicos, para un contexto concreto. Con frecuencia, as candidaturas levan o nome do barrio onde se sitúa o espazo no que aspiran aloxarse. Atendendo a esta especificidade, podería ter sentido unha adxudicación directa, sen deixar de manter un procedemento transparente e garantista.

> *vinculado con UC, UI, UR*

### # Plasticidade das estruturas xurídicas

Necesidade de vontade política e imaxinación xurídica para a procura do equilibrio entre a autonomía dos proxectos sociocomunitarios e os convenios ou outras formas xurídicas de relación coas institucións que impliquen algún grado de dependencia ou condicionamento.

> *vinculado con UI, UC*

### # Mantemento da autonomía e identidade dos proxectos

O sistema da convocatoria aberta pode deixar fóra a proxectos que non encaixan, que non teñen vontade de encaixar ou non deben ser “formateados”. As convocatorias tamén tenden a trasladar a meirande carga de traballo burocrático cara a cidadanía.

Por outra banda, existe o perigo da introdución de “expertos” con criterios alleos aos fins do proxecto sociocomunitario. O criterio experto pode achegar valor sempre que non sexa autoritario e que a súa praxe e actitude sexan solidarias, aportando ao ben común, sen resultar excluínte ou clientelar.

> *vinculado con UI, UD*

### # Proxectos sociocomunitarios “dende arriba”

Nas xornadas, Diego Garulo defende esta posibilidade, mentres que en EVA Arganzuela son reticentes aos procesos participativos convocados dende as administracións.

A polémica sitúase tamén no grado de intensidade e de duración no tempo do impulso ou acompañamento por parte da administración nun proxecto de iniciativa cidadá.

> *vinculado con UI, UC*

### **# Ambivalencia do termo participación**

As institucións (principalmente públicas, pero non unicamente) poden empregar ese termo nos seus discursos ou poñer procesos participativos, pero sen favorecer de xeito efectivo o empoderamento das comunidades. En casos deste tipo, o proceso participativo non sería máis que unha ferramenta para dotar de aparencia democrática ou vinculante a unha forma de xestión conservadora.

*> vinculado con UI, UC*

### **# Participación na toma de decisións internas**

Importancia da definición en cada caso das estruturas de tomas de decisións (máis o menos democráticas) tendo en conta as vantaxes e as dificultades de cada modelo: do modelo assembleario, de modelos de órgano colexiado, dunha equipa directiva ou dunha persoa á fronte do proxecto e da autonomía relativa das comisións e/ou grupos de traballo.

*> vinculado con UI, UPJ*

### **# Conectividade institucional**

Importancia da comunicación entre institucións públicas de distintos niveis, de xeito previo e/ou paralelo á relación destas cun proxecto sociocomunitario.

*> vinculado con UI, UC*

# > universo afectos

Conversa aberta ca participación de Cristina Alonso, Elvira Vila,  
Xesús Ron, Santiago López e Montse López  
Lugar: Escenario do auditorio do Centro Ágora

> vídeo documentación: <https://www.youtube.com/watch?v=IjCCYGGI144>

Este universo refírese á cualidade e calidade das relacións entre as persoas implicadas e/ou afectadas por un proxecto.

Sexas usuaria dunha biblioteca, artista residente nun país que non é o propio ou traballadora dun proxecto colectivo para o parque do teu barrio, a calidade da experiencia virá determinada en grande medida polo grao de coidado, de acompañamento e de afecto nas relacións coas persoas que a comparten contigo.

Máis que nunca parece necesario feminizar as prácticas de relación, de xeito que as redes colaborativas se consoliden grazas a un maior e mellor coidado. Os espazos precisan calor, pero unha mesma cadeira non é cómoda para todo o mundo. Ademais da vontade de coidado, un proxecto ten que manter certa capacidade de transformación para atender non só á diversidade senón tamén ao imprevisible, o que esixe capacidade de transformación en directo.

Neste universo comentáronse exemplos das experiencias de persoas convidadas, propoñendo cuestións como: estamos acostumadas a facer un exercicio de empatía?, ata onde é posible estirar as marxes que nos permiten acoller o imprevisto sen poñer en crise o funcionamento orgánico do noso proxecto?

A atención aos afectos no marco dun proxecto podería atoparse con reticencias, como unha medida que se considere limitadora da produtividade, cando é xustamente non colocar o criterio produtivista no centro o que da a oportunidade de manter a solidez dos puntos sensibles, mellorando o funcionamento da cadea e facéndoa compatible coa vida das persoas e da comunidade.

## > órbitas

### # Flexibilidade e adaptabilidade

A flexibilidade debe estar a favor da fragilidade e non na súa contra, que non sempre teña que adaptarse o máis débil.

É preciso ter en conta os afectos á hora de establecer os tempos e os ritmos de traballo, así como coidar os xeitos de participación e reconducir os desequilibrios que se poden xerar en relación cos espazos arquitectónicos e coa presenza dos corpos.

> *vinculado con UI, UP, UX*

### # Autorregulación a través da confianza

Algúns xestos de confianza poden pasar dende a posta a disposición de chaves de acceso a equipamentos, pasando pola ampliación de horarios de acceso ata o límite posible (deixando o uso á responsabilidade de quen se beneficia), ata a non rendición de contas. Chámase a atención sobre fenómenos como o efecto Pigmalión, que se da cando as persoas tenden a comportarse segundo o que perciben que se espera delas, resultando en procesos de autorregulación responsable e convivencia.

> *vinculado con UI, UP, UR, UX*

### # Aposta por unha mediación lexitimada e non burocrática

Facilitar e alixeirar os procedementos de relación entre institucións, espazos e persoas. Dicar máis “sí”, e menos “non”. Non hai mediación sen relación de escoita.

> *vinculado con UI, UP, UX*

### # Concepto de casa ou “lugar para vivir”

A idea de casa é a de un lugar que se percibe como propio. A procura de espazos sociocomunitarios acolledores ou o feito de contemplar vivendas asociadas a proxectos de residencia son modos de facer de estes espazos lugares non só de uso senón de habitabilidade, pasar do usuario ao habitante.

> *vinculado con UI, UP, UR*

### # Permitir os erros nos proxectos

É preciso manter certo grado de ensaio e adaptación. Asumir que o ensaio-erro é parte fundamental da construción; cando a planificación só existe no papel é insuficiente á hora de responder á realidade. Ampliar e cuestionar os criterios de “éxito” e “fracaso”.

> *vinculado con UI, UP*



# > universo recursos

Conversa aberta coa participación de Tere Badia, Laia Forné e Diego Garulo

Lugar: Sala 9 do Centro Ágora (distribución horizontal)

> vídeo documentación: <https://youtu.be/4qT2fmsucw0>

Neste universo falouse dos recursos materiais e técnicos cos que conta un proxecto: instalacións, mobiliario, tecnoloxía...

Ao falar de recursos, fálase irremediabilmente de condicións mínimas de traballo, pero tamén de condicións de excelencia. En definitiva, fálase de graos de adecuación dos espazos e cousas dispoñibles para as distintas tipoloxías de usos. Non podemos convidar a vinte persoas a comer sen non temos vinte pratos limpos na nosa cociña. O que podemos facer vai en paralelo ao que podemos ofrecer.

Neste universo falouse do uso dos recursos tanxibles, dos que se agarda unha xestión responsable e optimizada, que salve as circunstancias habituais de infrauso de equipamentos, e que permita liberar as súas potencialidades. Falouse tamén tamén de cuestións como a necesidade dun “inventario” ou “catálogo” de recursos e da súa protección, tentando abrir un paralelismo con exemplos como a naturalidade do servizo de préstamo das bibliotecas.

Propuxéronse preguntas xerais e concretas: como conseguimos ter unha cociña nun espazo que a priori non o contempla como posible?, é posible prestar as chaves dun equipamento municipal?.

## > órbitas

### # Relación entre proxecto e espazo

Os proxectos sociocomunitarios poden ser anteriores ou posteriores ao espazo físico que os acolle ou a aquel que aspiran a habitar. Nas xornadas, puido verse o caso da compañía de teatro Chévere, cunha longa traxectoria antes de ser acollida no Concello de Teo como compañía residente. Por contraste, o Colectivo Proxecto Cárcere articula un proxecto específico para o antigo Cárcere Provincial da Coruña, podendo dicirse que o proxecto non existiría sen o espazo.

> vinculado con UC, UI, UX

## # Diferenza entre a cesión dun espazo e a cesión do seu uso

Existen diversos grados á hora de compartir ou transferir un equipamento público e a responsabilidade sobre o seu funcionamento, dende a cesión da titularidade, pasando pola cesión da xestión integral, ata a cesión de uso xeral ou usos concretos. Isto pode determinar diversos modelos de relación das institucións e os proxectos, ou incluso que estes adopten distintas formas xurídicas ou xeitos de organización interna para levar a cabo as súas responsabilidades sobre o equipamento.

> *vinculado con UI, UX, UC*

## # Importancia da recuperación de espazos

Nas xornadas puideron verse casos como os de Harinera ZGZ, Casa Orlandai, El Graner ou Proxecto Cárcere, vinculados a edificios xa existentes, con usos anteriores xa non activos e que se recuperaron a favor dun proxecto de cidade, ao tempo que se responde á problemática do infrauso de equipamentos públicos fronte á especulación. A rehabilitación e acondicionamento destes equipamentos pensadas sempre ao servizo de necesidades detectadas fronte ao deseño a antollo de proxectos que enchen o baleiro do espazo.

> *vinculado con UC, UI, UX*

# > universo diálogo co contexto

Conversa aberta ca participación de Cristina Alonso,  
Carmen Cotelo, Diego Garulo e Elvira Vila  
Lugar: Escenario do auditorio do Centro Ágora.

> vídeo documentación: [https://youtu.be/jwJ\\_TBAfeHs](https://youtu.be/jwJ_TBAfeHs)

Neste universo abordáronse os mecanismos de relación entre os distintos axentes involucrados ou afectados por un proxecto e que se sitúan en distintas posicións respecto do mesmo.

Teñan ou non un espazo físico, os proxectos sempre se sitúan nun contexto concreto, traspasando os seus propios muros, reais ou simbólicos, expandindo a súa zona de acción ou influencia cara a un ecosistema amplo e diverso. Trataríase de activar este diálogo entre todas as partes de xeito que alimente e constrúa as lóxicas de cada proxecto en coherencia ca súa contorna.

Nos diálogos en torno a este universo abordáronse cuestións relativas aos canais de participación, de como facer convivir os xeitos de participación individual e solitaria, como a dos canais dixitais, cos espazos de convivencia real, onde o contacto de proximidade debería garantir un coñecemento máis profundo e unha relación máis sólida.

Algunhas preguntas abertas foron: cando, como e onde coñecemos ao outro?, como detectamos as necesidades e demandas de cada capa?, que entendemos por dinamizar un espazo? ou canto do outro sabemos e canto presupñemos?

## > órbitas

### # Tradición na implicación cidadá

Importancia dun tecido cívico forte, asentado e activo para emprender proxectos sociocomunitarios. No marco das xornadas, puido valorarse a importancia das asociacións e outros colectivos veciñais nos casos de Proxecto Cárcere, Harinera ZGZ, Casa Orlandai, ou EVA Arganzuela. Cando non existe unha tradición, como no caso de Ca N' Altimira,

a institución pode funcionar como impulsora e abrir vías de participación veciñal como mecanismos de aprendizaxe colectiva na construción tipo de experiencias.

> *vinculado con UI, UP*

### **# Reivindicación veciñal do uso dun espazo**

Reivindicación cívica específica, relacionada co punto anterior, que no marco das xornadas puido verse nos casos de EVA Arganzuela, Casa Orlandai ou Proxecto Cárcere. A proximidade e o sentimento de pertenza fai posible a construción -por parte da veciñanza- dun proxecto específico para un espazo, que precisa ser completada co diálogo cas diferentes capas involucradas.

> *vinculado con UR, UI, UX*

### **# Traballo en rede**

Necesidade de buscar enlaces cos marcos contextuais nos planos da cidadanía, política, institucións, etc., e de xerar redes, aínda que non sexan “oficiais”, coñecendo e contactando con outros proxectos, establecendo vínculos con persoas, etc. Necesidade de “tecer” dentro do propio contexto. Ler o mapa do conxunto para detectar o que temos e o que falta, evitando duplicidades e baleiros.

> *vinculado con UI, UP, UC*

### **# Contexto político**

Moitas iniciativas sociocomunitarias, incluíndo algunhas de entre as representadas nas xornadas, comezan no marco de gobernos de coalición ou de candidatura cidadá, case sempre no ámbito municipal.

> *vinculado con UI, UC*

# > universo diñeiro

Dinámica conxunta coa mediación de RPM

Lugar: Sala 9 do Centro Ágora (distribución horizontal)

> vídeo documentación: [www.youtube.com/watch?v=qhElmPgyxrl&feature=youtu.be](http://www.youtube.com/watch?v=qhElmPgyxrl&feature=youtu.be)

Este universo adicouse a tratar de xeito específico a cuestión dos recursos económicos cos que conta un proxecto, as vías para acadalos, os modos de xestión transparente dos mesmos, o seu equilibrio e sustentabilidade, etc.

O orzamento dun proxecto é outro dos ingredientes fundamentais da súa viabilidade no tempo. A falta de costume ou o pudor que semella darse no noso ámbito fai que non sexa frecuente falar abertamente das cuestións económicas. Nos últimos anos, grazas a activación de mecanismos de transparencia, este plano comeza a ser máis visible. Con todo, aínda é tímida a nosa relación pública cos cartos, son poucos os exemplos e pouca a accesibilidade a datos lexibles.

Falar de diñeiro tamén significa falar de dignidade profesional e de sustentabilidade, falar de partidas orzamentarias, de intercambios xustos e de contrapartidas, que en ocasións se poden converter en retribucións trampa.

Entregando aos asistentes copias impresas do orzamento das propias xornadas, como exercicio de transparencia e caso concreto que podería dar pé ao debate, neste universo preguntouse: cales son as partidas que poñemos primeiro e cales son as que deixamos para o final cando facemos un orzamento?, que opinamos da extensión do micromecenado?, como repartimos os cartos entre a preservación do noso patrimonio e o apoio a creadores vivos?, como facer posibles as apostas de investimento en tempos de crise? ou canto de pudorosos somos cando falamos do que cobramos?

## > órbitas

### # Orzamentos xustificados

Necesidade de que as porcentaxes asignadas a cada partida se correspondan coa importancia das mesmas para o proxecto, coas cargas de traballo, etc a través duns criterios establecidos para cada caso. A xustificación razoada e lexibilidade dos orzamentos é condición necesaria para falar de transparencia. A publicación de cifras illadas pode facer que un orzamento sexa malinterpretado ao facelo público.

> vinculado con UX, UI, UR

### # Busca de diñeiro

O apoio económico mediante subvención pode ser un arma de dobre fío, polos riscos que supón de xerar dependencia e polo “formateo” continuado dos proxectos en detrimento da diversidade. Entre os relatos das xornadas houbo opinións diverxentes neste punto. Tamén entre a opción de organizar actividades de pago para o autofinanciamento ou buscar formas de financiamento de fondo común (cotas de socios, mercados, micromecenado ou crowdfunding...).

> vinculado con UX, UI, UC

### # A precarización normalizada

Unha das cuestións sobre a mesa foi a frecuencia de levar adiante proxectos con orzamentos por debaixo do valor real, sostendo dinámicas de precariedade que rematan por normalizarse e incorporarse como estándares. A importancia de que as institucións non asuman nin aproben estas prácticas cando participan dos seus orzamentos (por exemplo a través de axudas ou colaboracións aos mesmos), en aras da súa responsabilidade co tecido ao que atenden.

> vinculado con UX, UI, UC

### # Avaliación de resultados

Os balances, aínda que non sexan só económicos, acostuman manterse na lóxica do beneficio ou rendibilidade, tamén nas lecturas cuantitativas. Sería necesario atender tamén a outro tipo de “valores”, máis cualitativos e de impacto social, usando indicadores axeitados. Nas xornadas puido verse no caso dos informes de balance social que foron presentados por Casa Orlandai, ou nas enquisas de avaliación da experiencia das persoas arredor de Harinera ZGZ.

> vinculado con UI, UR, UA

# > universo criterios e identidade

Conversa aberta ca participación de  
Tere Badia, Cristina Alonso, Montse López e Santiago López  
Lugar: Escenario do auditorio do Centro Ágora.

> vídeo documentación: <https://www.youtube.com/watch?v=gF8RDyolKA>

Neste universo falouse de cales son os aspectos, personalidade xurídica, persoas implicadas e toma de decisións, que constrúen a identidade dun proxecto.

Este pode ser un dos planos máis complexos e ao mesmo tempo máis apaixonantes da creación dun proxecto. As condicións do seu nacemento definirán en grande medida a súa personalidade, pero a comunidade implicada e as súas necesidades mudan co tempo, podendo mudar tamén aquela identidade inicial. É moi construtivo ter referentes que nos poidan inspirar ca intención de comprender o xeito de abordar problemáticas similares noutros contextos, pero estes son sempre diferentes e a identidade dun espazo non pode ser transplantada sen máis. Non se trata de copiar modelos de éxito nin de ser orixinal, se non de ser auténtico.

Moitas das cuestións propostas neste universo centráronse nos criterios que validan as actividades a realizar no marco dun proxecto: como se acordan eses criterios?, como decidir ou compaxinar entre a programación aberta e participada e o apoio ao coñecemento específico e experto?, pode un modelo de xestión colectiva atender a sectores e persoas concretas?

## > órbitas

### # Importancia de buscar referentes noutros proxectos

Entender que non se empeza desde cero, que a construción dun proxecto pode apoiarse no coñecemento e no diálogo con outros proxectos de perfil similar ao que se busca.

> vinculado con UC, UX  
páx\_23

### # Necesidade de definir os criterios de actuación

Os criterios -entendidos como a suma das éticas e sistemas de decisión- definen en grande parte a identidade do proxecto, a relación que mantén co seu contexto e a xente á que implica, como tamén poden afectar a cuestións xurídicas ou modelos de financiamento. Estes criterios non só aparecen no nacemento do proxecto senón que se transforman a favor das experiencias vividas ao longo da vida dun proxecto, ampliando e reforzando o seu ADN.

> vinculado con UC, UX, UD

### # A relevancia dunha identidade clara

Ter unha identidade clara nun proxecto, xa sexa pola especificidade do caso -como en Hangar.org- ou pola diversidade á que atende -como no caso de Harinera ZGZ- reforza a súa posición dentro do taboleiro. Saber que lugar ocupa un proxecto serve tanto ás persoas que traballan nel, como ás que participan ou asisten dalgún xeito á hora de facer que funcione. Tamén o fai máis recoñecible na sociedade.

> vinculado con UC, UX, UD

### # Ética e responsabilidade

O plano da ética debería sobrevoar a construción dun proxecto en todas as súas capas. O análise crítico favorece a súa propia identidade e identifica as responsabilidades de cada quen no conxunto. A identificación e consolidación de boas prácticas pode trasladarse duns proxectos a outros para a construción dun ecosistema corresponsable.

> vinculado con UX, UI, UP



# > os casos

Como se dixo, este apartado inclúe fichas que permiten coñecer o fundamental das persoas que transmitiron os seus relatos nas xornadas, así como o perfil e funcionamento dos proxectos dos que nos falaron. A isto engadimos agora que a orde na que situamos as fichas tenta seguir a cronoloxía de orixe deses proxectos. Aínda que moitos deles teñen pasado por varias fases, están vinculados a iniciativas anteriores ou ben tiveron cambios profundos, coidamos que a sucesión na que os situamos pode dar conta dunha implícita evolución nos seus modelos.

## > xesús ron / chévere

Xesús Ron é co-fundador da compañía galega Chévere (Premio Nacional de Teatro), e foi co-responsable da xestión e programación dunha das salas alternativas de referencia no noso territorio, a Sala Nasa de Santiago de Compostela (1992-2011). Dende o ano 2012 Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado que ten como obxectivos fixar o funcionamento dunha compañía de teatro a un espazo estable, implicándose nunha contorna local para rendibilizar o uso dos espazos públicos, mellorar a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o *know how* dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

Chévere é unha compañía galega de teatro fundada en 1989, con sede ata o 2012 na Sala Nasa de Santiago de Compostela e residente no Concello de Teo (A Coruña) dende 2012. Chévere foi Premio Nacional de Teatro en 2015.

O relato de Xesús Ron preséntase como unha achega da experiencia da compañía de teatro Chévere e os diferentes modelos de relación institucional que a mesma protagonizou. Chévere é unha iniciativa cultural e empresarial privada. Se ben a súa primeira etapa se desenvolveu na autoxestión empresarial, Chévere constitúe sen embargo un referente de creación de comunidade e rede de traballo. A compañía estivo instalada na Sala Nasa en Santiago de Compostela ata o seu peche en 2012, motivado polo seu claro posicionamento político non conservador e a defensa da súa autonomía. Esta autonomía non podía sosterse sen o acompañamento económico da Administración Pública, como é o caso deste tipo de iniciativas baseadas nunha forma xurídica empresarial, pero que desenvolven ademais a función social de construción dunha comunidade activa de público e profesionais, un arquivo das súas propias prácticas e a produción dun imaxinario colectivo propio.

Tras este conflito, explícito ata o punto de que o peche da Sala Nasa se incluíu no programa electoral da candidatura que

obtéñ a alcaldía, a negativa do Concello de Santiago de Compostela a contribuír ao sostemento da que en 2014 sería a compañía gañadora do Premio Nacional de Teatro provocou o abandono da localidade santiaguesa por parte da mesma, que traslada a súa sede ao lindeiro Concello de Teo. No ano 2012 este concello ofrece á compañía o uso do seu Auditorio nunha inicial relación de cesión de uso dun equipamento público baseada na confianza. Sen embargo, a necesidade de dotar dunha formalidade adecuada ás esixencias normativas do procedemento administrativo fixo necesario o deseño dun marco de relación institucional que acabou concretándose nun convenio, que foi renovándose anualmente ata o ano 2016. Durante este período de tempo Chévere era pois a compañía residente do Concello de Teo. Tras este período xorde a intención de darlle continuidade ao proxecto e procurar unha mellor solución xurídica. Esa solución acaba sendo a convocatoria dun concurso en 2016, cunha contraprestación anual de 30.000€ e o establecemento dunha pequena taxa municipal que permita á compañía vender entradas e obter unha cantidade en concepto de billeteira. A experiencia non está sendo 100% satisfactoria, porque a compañía se ve moi limitada pola dinámica institucional e administrativa do espazo no que son residentes pero é, sen dúbida, un bo exemplo de encaixe administrativo e xurídico froito do diálogo entre as dúas partes.

Este relato pon de manifesto a necesidade de pensar e anovar en formas xurídicas que permitan a creación de residencias específicas para compañías de teatro. Apostar por unha compañía de grande traxectoria que pode aportar unha grande visibilidade. Como di o propio Xesús Ron “Non se trata de deixar de ser o que se é para estar ahí, trátase de estar ahí por ser o que se é”, pero é necesario darlle un marco específico, evitando así forzar modos e relacións contractuais que, de non ser modificadas, poden producir graves consecuencias como as que provocaron a denuncia da relación entre compañía e Concello como una prestación de servizos encuberta.

> [www.grupochevere.eu](http://www.grupochevere.eu) > <http://redenasa.tv>

> vídeo documentación: <https://www.youtube.com/watch?v=qHErm8q1>

## > **santiago eraso / arteleku**

Santiago Eraso é investigador e profesional de ampla traxectoria no campo da arte e a cultura. Foi director de Arteleku; director Cultural de DSS2016EU; e director de contidos e infraestruturas da empresa municipal Madrid Destino, responsable da xestión de Matadero Madrid, Conde Duque, Medialab-Prado e CentroCentro, entre outros espazos. Como axente autónomo e independente segue investigando e traballando no campo da arte e a cultura. Mantén un blogue sobre arte, cultura, ética e política no que poden lerse reflexións e documentación sobre os proxectos nos que está involucrado e en onde quedan resumidas as súas obsesións persoais: “Pensar Europa” e “A Cultura como Ben Común”.

Arteleku foi un Centro de Arte e Cultura Contemporánea en Donosti/San Sebastián que iniciou a súa actividade en 1987 e pechou en 2014, creado e financiado pola Diputación Foral de Gipuzkoa para dar resposta ás necesidades culturais do momento, dirixido á experimentación, a práctica e a produción artística. Foi un proxecto pioneiro no ámbito dos centros de produción das fábricas de creación e medialabs, referencia nacional e internacional durante cerca de dúas décadas. Arteleku funcionou principalmente como un centro de produción para artistas, pero tamén como lugar para debates de actualidade sobre diferentes campos do saber a través dos seus programas públicos de talleres, seminarios e conferencias, actividade que tivo visibilidade a través de diversas publicacións e da revista Zehar.

O relato histórico en torno a un proxecto como Arteleku aporta un modelo que foi convencional en canto á súa organización e xestión; cunha dirección artística escollida a través de concurso público. Santiago Eraso foi director do de Arteleku entre 1987 e 2006. Durante a súa xestión, a dirección gozou dunha grande autonomía e tivo capacidade para decidir sobre as dinámicas do proxecto. A clave da liberdade do centro foi residir nun contexto periférico, distante dos centros de poder, no que non se exercía case control político. Por esta razón, non se deu a necesidade de establecer protocolos que garantisen a autonomía do mesmo; bastaba un sistema informal de relacións de confianza no que a dirección do centro exercía de mediadora entre as necesidades dos e das artistas e os políticos, para xestionar e solucionar os problemas.

Durante a súa intervención nas xornadas, Eraso fixo unha crítica radical á burocracia, apostando por unha transformación dos procedementos que permita eliminala ou limitala, para así achegar as institucións á vida, poñendo o centro de atención nas persoas creadoras que son, segundo afirma, as máis fráxiles e as que máis padecen. Nesta exposición apuntou en definitiva cara a necesidade dunha nova racionalidade dos recursos culturais, unha ecoloxía cultural.

As notas que se achegan para esa posible transformación das institucións pasan para Eraso por un sistema informal, relacións de confianza, delimitación e redución do control político así como a substitución de protocolos por mediacións persoais, sen que estas cheguen a institucionalizarse, xa que de novo as artistas acostuman a ser as menos beneficiadas economicamente nestas situacións. A mediación en Arte non debería ser unha explicación limitadora da obra, senón un traballo de conexión entre contextos. A cultura é unha extensión da educación, un dereito fundamental, por iso que temos que por en cuestións a problemática das grandes “monstruosidades da cultura”, os equipamentos mal concibidos e sobredimensionados.

> [www.santieraso.wordpress.com](http://www.santieraso.wordpress.com) > <https://artxibo.arteleku.net/> > <http://2003.arteleku.net/>  
> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=IOBGJ032G7c>

## > tere badia / hangar.org

Tere Badia é dende 2010 a directora de Hangar, o Centro de Creación e Investigación en Artes Visuais de Barcelona, un dos máis recoñecidos exemplos de apoio á produción artística da península. O proxecto iniciou as súas actividades en 1997 nunha nave de Can Ricart no barrio de Poblenou, alugada pola AAVC (Asociación de Artistas Visuais de Cataluña). Dende 2003 está xestionado pola Fundació privada AAVC. Actualmente recibe o apoio da Generalitat de Catalunya e do Concello de Barcelona, este último no marco do programa Fàbriques de Creació del Institut de Cultura de Barcelona, actual propietario dos edificios. Hangar tamén conta coa colaboración da Fundació Banc de Sabadell, a Fundació Daniel e Nina Caraso, e da Comisión Europea para o desenvolvemento de proxectos específicos. Ademais de ser un espazo para residencias artísticas, Hangar ofrece servizos de alugueiro de equipamento, asistencia técnica, asesoramento e acompañamento á produción, sendo un contexto para a investigación artística e interdisciplinar. Hangar desenvolve o seu propio programa de actividades, que inclúe, entre outras, presentacións, obradoiros e outras actividades para compartir coñecemento de forma transversal.

O centro Hangar nace como un proxecto da Asociación Profesional de Artistas de Cataluña, cuxo antecedente era o Sindicato de Artistas, e a través da constitución dunha Fundación financiada coa dotación de obra dos e das propias ar-

tistas da asociación. Xorde como centro de produción para responder ás necesidades de artistas en exercicio profesional. Actualmente está dirixida por un cargo de dirección cun período limitado a catro anos. Para Badia resulta fundamental a necesidade continua de revisar, renovar e repensar o espazo. O padroado da fundación renova os seus membros cada tres anos, deste modo unha dirección comeza cun padroado e remata con outro para favorecer a transición entre proxectos. Cando Badia chega ao centro, este estaba moi influenciado polo código aberto a través do activismo de Pedro Soler, anterior director, e pola figura do creador e activista dixital David Cuartielles.

O modelo de Hangar está financiado cuns 220.000€ correspondentes ás achegas da Generalitat de Catalunya e do Concello de Barcelona, ademais dos ingresos por actividades e alugueiros. Consta dunha comisión de programas formada por cinco persoas na que se escolle ás artistas e os proxectos residentes de natureza rotativa e un período de renovación de tres anos. Esta comisión tamén está encargada de facer visitas de seguimento, aínda que non é unha comisión titora. Nos últimos anos, por mor dunha remodelación do edificio, as dificultades foron maiores. Ademais a asociación acabou desaparecendo e o centro sobrevive debido á súa natureza fundacional. Coa desaparición da Asociación xorde sen embargo un problema de gobernanza: o proxecto debe seguir sendo das artistas, pero xa non hai unha asociación representativa detrás do padroado.

Ademais dun espazo para residencias artísticas, Hangar ofrece servizos de alugueiro de equipamento, asistencia técnica, asesoramento e acompañamento á produción, sendo un contexto para a investigación artística e interdisciplinar. Desenvolve o seu propio programa de actividades, que inclúe, entre outras, presentacións, obradoiros e outras iniciativas para compartir coñecemento de forma transversal.

> [www.hangar.org/es/](http://www.hangar.org/es/)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=EqohWWgQcOM>

## > natalia oliete e maría bascompte / casa orlandai

Natalia Oliete é directora e María Bascompte é socia e voluntaria da Associació Cultural Casa Orlandai, entidade responsable da xestión cívica de Casa Orlandai.

Casa Orlandai é un Centro cultural de xestión cívica situado no barrio de Sarriá, que forma parte da rede de centros cívicos de Barcelona. Ten orixe na reivindicación veciñal para usos culturais ou socio-comunitarios dun edificio histórico que, ata 2003, fora sede de dous centros educativos autoxestionados (cooperativas) e que tralo peche quedara desocupado. Foi reaberto como Casa Orlandai en 2007, grazas ás aspiracións veciñais por recuperar ese espazo e dotalo de usos para o barrio. Casa Orlandai é hoxe un equipamento de titularidade municipal do Ajuntament de Barcelona, desde o que se traballa para facer posible a participación de todas as persoas e entidades que se sintan identificadas cos seus obxectivos, baixo os eixos principais de “arte, convivencia e transformación social”.

A xestión cidadá é o modelo de funcionamento da Casa Orlandai, que se incardina dentro da rede de centros cívicos de Barcelona. No relativo á súa configuración como entidade, resalta a importancia do tecido cívico do barrio, que impulsou a recuperación do equipamento, ao que se sumou a vontade da técnica de distrito. Neste caso é relevante a adxudicación directa da xestión mediante convenio do Ajuntament de Barcelona ca Associació Cultural Casa Orlandai. Actualmente

forman parte da asociación 40 entidades e 250 socios individuais e familiares. A Asamblea Xeral da Asociación e a Xunta Directiva son os órganos que xestionan a entidade e delas depende a toma de decisións. Esta decide a contratación dun equipo técnico profesional para xestionar o espazo (a través de concurso público para a súa contratación), na procura dun bo funcionamento. Este equipo técnico está formado hoxe por oito persoas, ás que se unen un número importante de voluntarios, parte esencial da marcha do proxecto. Ademais, as comisións son espazos de participación que serven para xestionar diferentes aspectos da Asociación (comisións de Programación, de Talleres, de Comunicación, Estratéxica, de Financiación, Feminista e Ecomisión, ademais de outros grupos de traballo).

A nivel de actividade, Casa Orlandai ofrece servizos propios da rede de centros cívicos de Barcelona á que pertence, acolle entidades sociais, cede uso temporal de espazos (unha comisión avalía as solicitudes), desenvolve multitude de talleres e actividades, e participa en diversas comisións e proxectos de cidade ou de distrito/s, como a Taula de Sarrià, a Comissió de Festes ou o proxecto Radars. A Casa aloxa actualmente no seu espazo a 29 entidades e procura contribuír á dinamización social e cultural da súa contorna, colaborando con entidades sociais do distrito. Unha cooperativa asociada xestiona a cafetería, con programación cultural propia. Casa Orlandai forma parte de diversos espazos de coordinación de xestión comunitaria en Barcelona, como A Plataforma de Gestió Comunitària e La Xarxa d'espais comunitaris, entre outros, e realiza proxectos comunitarios máis aló da xestión de Casa Orlandai como Espai Gardenyes, o Mapa Verd e a Dinamització de l'Economía Social i Solidària do distrito de Sarrià-Sant Gervasi.

No relativo ao aspecto económico, dende Casa Orlandai fanse esforzos para contratación e inclusión de propostas veciñais; non ten provedores externos para o desenvolvemento de actividades. O seu financiamento consta principalmente de subvención municipal (221.000 €) máis os ingresos propios por talleres, actividades, cesión de espazos, cafetería e cotas dos socios. O orzamento total aproximado é de 330.000 € (80% para xestión como centro cívico, do que non máis do 50% corresponde a persoal). O resto do orzamento está adicado a proxectos externos de economía social, hortas urbanas, etc. A páxina web de Casa Orlandai aloxa un espazo de transparencia onde se publican as memorias, plans estratéxico plurianuais, actas, orzamentos... Tamén un informe anual de balance social da actividade (non só un balance económico; o balance social inclúe unha avaliación dende indicadores como a igualdade, a democracia, o compromiso co medio ambiente, a economía solidaria, a calidade laboral... incluíndo enquisas a asociados, asistentes e traballadores). Os plans estratéxicos plurianuais (para catro anos) tamén son decididos en procesos de participación que se estenden durante un ano, en sesións abertas á veciñanza nas que se analizan os resultados anteriores e se define como se quere continuar.

> [www.casaorlandai.cat](http://www.casaorlandai.cat)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=Vff9lMeiA2A>

## > **cristina alonso / el graner**

Cristina Alonso é coordinadora artística de El Graner, o centro de creación das artes do movemento de Barcelona, dependente do Mercat de les Flors. O proxecto iniciase en 2011 na antiga fábrica de lámpadas Philips, formando parte do proxecto integral de Fábricas de Creación do Concello de Barcelona. Os eixos principais de Graner son: creación, internacionalización, pensamento, educación e proximidade, e caracterízase por unha organización inclusiva e estreita

co público, favorecendo numerosos espazos e dinámicas de proximidade e rede.

O relato atende neste caso á importancia da busca dunha estrutura e marco xurídico para lexitimar a flexibilidade do proxecto, reflectida en feitos como que se pacte coa administración sen proxecto escrito, ou que os traballadores non teñan que fichar, xa que non teñen horarios administrativos. En El Graner téntase un modelo próximo ao concepto de “casa”, un lugar no que vivir e compartir esa vida. Os residentes dispoñen de chaves, de xeito que poden dispor do espazo as 24 horas dos 365 días no ano. Tamén poden traer ás súas familias. O proxecto ten unha clara conciencia da separación entre os procesos artísticos e o seu retorno social: a institución ten o compromiso dese retorno, non a artista. Na liña de facer posible este modelo anovador, menciónase a vontade de manterse a certa distancia das administracións políticas, para que se poidan asumir riscos creativos. No plano do financiamento, El Graner recibe 225.000€ por parte do Concello e ata 400.000€ por outras vías (proxectos Europeos, etc., pero non outras administracións) ademais do apoio do propio Mercat de les Flors, organismo do que depende.

> [www.granerbcn.cat](http://www.granerbcn.cat)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=bjDawDe46Ek>

## > diego garulo / harinera zgz

Diego Garulo é xestor cultural, técnico de planificación, cooperación e novos proxectos da Sociedade Municipal Zaragoza Cultural, ideando e xestionando iniciativas relacionadas coa planificación cultural, a xestión compartida, a cooperación e o territorio. Actualmente é o coordinador polo Concello de Zaragoza de Harinera ZGZ, espazo cun modelo de xestión compartido entre institución, tecido veciñal e axentes culturais innovador en todo o Estado. Harinera ZGZ está adicado á participación activa, o empoderamento e a transformación urbana a través da creatividade.

O relato deste proxecto comeza e transcorre en paralelo ao do espazo no que se aloxa, unha antiga fábrica rehabilitada por unha empresa vía concurso público e entregado posteriormente ao concello (na actualidade, só está en uso a planta baixa). O proxecto inicial preséntase en 2013 e o espazo está aberto dende 2016. A xestión do edificio faise tamén por unha empresa vía concurso, mentres que os contidos son xestionados por Colectivo Llámalo H vía convenio. O proxecto xestiónase entre o Concello (representado por técnicos de Zaragoza Cultural), o tecido veciñal (participa a través da Asociación Veciñal de San José) e todos os axentes culturais que se unan á iniciativa (incorporándose ao Colectivo Llámalo H). As tres partes mencionadas reúnense quincenalmente na Asamblea de Harinera. As decisións sobre o espazo tómanse de maneira colectiva e existen varias Comisións estables e Grupos de Traballo específicos supervisados pola Asamblea.

Harinera ten actividades e públicos de perfil moi diverso. Na participación en Hiperespazos, Diego Garulo destacou Flamencoesía (taller de iniciación ao flamenco e á poesía destinado a maiores de 60 anos) e actividades de Teatro Comunitario (diversos grupos e idades). Contéplase a posibilidade de acoller novas actividades a través de formulario aberto e tras aprobación da comisión de actividades, e/ou poden solicitarse espazos para actividades culturais. Como financiamento, Harinera recibe 150.000€ de orzamento anual, aportados dende o Concello para o Colectivo.

> [www.harinerazgz.wordpress.com](http://www.harinerazgz.wordpress.com)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=eWAZ4RvicgY>

## > montse lópez e santiago lópez / EVA

Montse López e Santiago López son membros de EVA Espacio Vecinal Autogestionado en Arganzuela, un proxecto que reúne dende 2014 a diferentes persoas de movementos veciñais, sociais e de entidades cidadás no distrito de Arganzuela de Madrid, sendo responsables conxuntamente do proceso de cesión por parte do Ayuntamiento de Madrid dun espazo de autoxestión cidadá para usos culturais e sociocomunitarios, o antigo Mercado de froitas e verduras.

EVA é un proxecto cultural integrado por múltiples movementos veciñais que xestiona o antigo mercado de Legazpi a través dunha asemblea aberta. Despois de dous anos de mobilizacións, e dun proceso participativo proposto polo goberno municipal, conséguese para o proxecto a cesión deste espazo de 1.000 m<sup>2</sup>. Para dita cesión, o conxunto informal de colectivos que reclamaba o espazo tivo que constituírse como asociación cultural, coa contradición que isto supuxo para un movemento asembleario. Unha vez constituída a asociación, esta gañou o concurso de xestión do espazo, que lle foi entregado despois dunha rehabilitación parcial de parte do edificio por parte do Concello.

O proxecto xestionase a través dunha asemblea aberta que se reúne todos os martes de 19:00 a 21:30h (alternando asembleas xerais e de grupos de traballo). Ademais da asemblea xeral, existe unha asemblea específica sobre contidos e varias comisións de traballo (financeira, de convivencia, de desenvolvemento, etc). A asemblea é aberta, e dá a benvida a calquera persoa, veciño ou proxecto que compartan os seus fins. EVA aspira a ser un proxecto autoxestionado organizado segundo modelos de economía non convencional, todas as actividades son gratuítas (ninguén cobra e ningunha paga). O maior desafío económico para o proxecto son os gastos de luz, auga, teléfono, etc. Para afrontar estes gastos organizáronse varios mercadillos e un crowdfunding cos que conseguíuse un orzamento de 13.000 €. A asociación tamén recibiu unha subvención para equipo de 7.000 €, ao inicio do proxecto.

O espazo ofrece múltiples actividades culturais e sociais, destinadas a públicos moi diversos. Calquera persoa ou colectivo que se achegue á asemblea pode propoñer actividades e usos do espazo, sempre que cumpra o criterio de ser un uso ou unha actividade gratuítas e que teña un retorno en relación á comunidade e ó espazo. Unha vez aprobada a proposta en asemblea, a persoa ou colectivo que vai levala a cabo simplemente debe asistir a unha reunión da comisión que corresponda para coordinarse e organizar a actividade.

> [www.evarganzuela.org](http://www.evarganzuela.org)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=U7MKI34eE40>

## > elvira vila e isaac comas / ca n'altimira

Elvira Vila é a 1ª tenente de Alcaldía e Regidora de Drets Civils, Serveis Socials i Habitatge, Educació i Cultura do Ajuntament de Cerdanyola del Vallès, e Isaac Comas é persoal técnico, director da área de participación, centros cívicos e

infancia e xuventude (Cap de la secció de Processos Participatius, Relacions Veïnals, Centre Cívics, Joventut i Infància); área dende a cal se ten facilitado e liderado o proceso de participación cidadá para a definición dos usos e modelo de xestión do edificio de Ca N'Altimira (antiga biblioteca de Cerdanyola). Neste proceso tivo lugar a elaboració colectiva dun documento marco e uns plans, a partir do traballo conxunto entre técnicos da administración, axentes sociais e cidadanía en xeral, poñendo o énfase na atención e economía de proximidade e na innovación social. Ademais deste proceso, dende o Ajuntament estanse a impulsar outros procesos de participación cidadá como o Consell d'infants i adolescents de Cerdanyola ou o proceso para a definición da Festa Major.

O proceso participativo de Ca n'Altimira foi iniciado dende o servizo de Procesos Participativos do Ajuntament de Cerdanyola del Vallès en marzo de 2017. A primeira fase deste proxecto durou 6 meses e desenvolveuse a partir dun documento marco elaborado a través de tres comisións e de común acordo co resto dos grupos políticos e o equipo técnico do Concello.

Abríronse dous procesos paralelos, un de participación cidadá e outro de participación administrativa, que se foron conectando. Nesta fase do proceso categorizáronse as distintas propostas recibidas para relacionalas entre si e organizalas por grupos. A continuación, iniciouse unha fase de priorización, que partiu do estudo dos equipamentos que xa había na cidade para poder dar prioridade a aquelas propostas que non tiñan espazos. Este traballo supuxo un exercicio de realidade de reflexión sobre os espazos culturais, que revelou a existencia de estruturas infrautilizadas, ben por seren usadas de xeito privativo por determinadas asociacións ou nas que os usos estaban acoutados a franxas moi pechadas da cidadanía.

Como resultado da primeira fase do proceso presentouse un documento final que explica as características que deberá ter o edificio, a súa distribución, e a estrutura do programa de actividades que se desenvolverán no mesmo. Cunha vontade de polivalencia e adaptabilidade, innovación social e desenvolvemento comunitario, ditas actividades artellaranse ao redor de tres conceptos: o artístico, o tecnolóxico e o social.

Despois desta primeira fase do proceso participativo estableceuse que, mentres avanza a obra do edificio, desenvolveuse unha segunda fase para a definición do modelo de xestión do edificio. En todo caso, o proxecto se contempla como unha inversión pública e o espazo como unha infraestrutura municipal, polo que se anticipa un modelo de co-xestión: aínda que a xestión poderá non ser exclusiva do Concello, este deberá ter certa presenza, acompañada dunha equipa de dirección e dinamización.

Durante as xornadas, resaltouse a importancia que tivo para a cidadanía este proceso como proceso de aprendizaxe colectiva, dada a escasa tradición de movementos sociocomunitarios no territorio. Neste sentido, o proceso de participación impulsado dende a institución tivo un valor “didáctico” en si mesmo no sentido de “avanzar no fomento da participación cidadá”, onde o reto do Ajuntament é o de liderar e facilitar o proceso educativo de cara a implicar á cidadanía no desenvolvemento do concello. Un dos principios básicos da metodoloxía foi romper ca idea tradicional de “expertos” para introducir, ao lado dos “expertos temáticos” (persoas con coñecementos técnicos en determinadas materias) aos “expertos vivenciais”: todos podemos ser expertos en vivir en sociedade. Os diagnósticos e as intervencións sobre a cidade non poden pasar unicamente polas persoas técnicas.

> [www.cerdanyola.cat/canaltimira](http://www.cerdanyola.cat/canaltimira)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=U7MKI34eE40>



## > alberto fortes e alfonso rodríguez / plataforma proxecto cárcere

Alberto Fortes e Alfonso Rodríguez forman parte da comunidade implicada no Proxecto Cárcere, unha entidade activa dende o 2010 para reivindicar a rehabilitación e o aproveitamento veciñal e social da antiga Prisión Provincial da Coruña, espazo en estado de abandono propiedade do Ministerio do Interior. O pasado mes de agosto gañaron un concurso público proposto dende o Concello da Coruña, co que pasarán a dinamizar o edificio. “Pode ser parte da Plataforma Proxecto Cárcere calquera persoa ou colectivo que sexa afín aos seus intereses e obxectivos. Cadaquén pode participar da maneira que considere máis axeitada e dacordo coa súa dispoñibilidade. O importante é que todas e todos poidamos aportar o noso gran de area para construír un proxecto colectivo que responda á diversidade social e cultural da cidade da Coruña.”

Proxecto Cárcere é un grupo de activación e recuperación do antigo Cárcere da Coruña que reivindica dende 2010 a rehabilitación e o aproveitamento sociocomunitario desta infraestrutura e que, constituído como asociación cultural, gañou en xuño de 2017 o concurso público de cesión de uso de espazos neste edificio para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural.

O relato da Plataforma Proxecto Cárcere aglutina unha serie de colectivos e asociacións veciñais que reclamaban o uso socio-comunitario do antigo Cárcere da Coruña dende o seu peche no ano 2004. A plataforma xorde en 2010 tras unhas xornadas sobre novos modelos de xestión celebradas na cidade, que actuaron como catalizadoras do proxecto. En xuño de 2011, a plataforma organiza un evento no que se toma o espazo enchéndoo de actividades culturais e intervencións artísticas, para poñelo en valor e reclamalo. Proxecto Cárcere funciona de xeito assembleario, a través de comisións de traballo, e continúa organizando actividades no aniversario do primeiro evento co fin de manter viva reclamación do espazo durante anos. Ditas actividades son autofinanciadas, para a autonomía e independencia do proxecto fronte aos intereses políticos, mediante a venda de obxectos como camisetas.

En 2017, gobernado por unha candidatura cidadá, o Concello da Coruña asina un convenio co titular do edificio, a Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, para a cesión de xeito gratuíto do seu dereito de uso por un período de dous anos prorrogable anualmente de mutuo acordo. Ese mesmo ano convoca un concurso público para a cesión de parte dos espazos do mesmo destinados ao desenvolvemento de proxectos de dinamización sociocultural (aproximadamente un 25% da superficie total). Plataforma Proxecto Cárcere decide presentarse ao concurso para o que elabora unha proposta de gobernanza e xestión dos espazos do antigo Cárcere da Coruña que, finalmente, resulta gañadora, séndolle adxudicados ditos espazos en setembro de 2017. O concurso de cesión non inclúe dotación económica polo que, na actualidade, Plataforma Proxecto Cárcere se atopa nunha fase de concreción do proxecto, procurando un plan de viabilidade baseado nun modelo de autoxestión, que probablemente derivará no establecemento dun convenio co Concello da Coruña.

> <http://proxectocarcere.blogaliza.org/>

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=i1OVQKQ1IFI>

## > caterina varela e félix fernández / residencias paraíso

Caterina Varela e Félix Fernández son dous dos cinco compoñentes que, xunto con Rut Balbís, Alexis Fernández (Maca) e Andrea Quintana conforman RPM, un colectivo de recente creación composto por artistas cunha ampla traxectoria na creación contemporánea en Galiza, focalizado no desenvolvemento de proxectos para a mellora do contexto das artes vivas do noso territorio, entre os cales destaca Residencias Paraíso. Residencias Paraíso é un programa piloto de residencias artísticas para as artes do movemento en Galicia, que tivo a súa primeira convocatoria en 2017 co apoio do AGADIC e a colaboración de cinco concellos galegos. Tendo en conta a configuración do programa, trátase dun caso especial por ser un colectivo independente (asociación con fins culturais e sociais) o que consegue impulsar unha colaboración institucional ampla para por en marcha un tipo de programa (residencias de creación en espazos escénicos municipais) de escasos precedentes. As seis sedes para a primeira edición das Residencias Paraíso foron: Pazo da Cultura de Narón, Pazo de Cultura de Carballo, Vello Cárcere de Lugo, Fundación Luis Seoane (A Coruña), Auditorio Municipal de Ourense e Teatro Rosalía de Castro (A Coruña). No 2018, o programa anuncia a continuidade con outros espazos adicionais.

Durante as xornadas, resaltouse a circunstancia de que, a nivel institucional, Residencias Paraíso constitúe un exemplo único nun contexto que viña sendo “desértico” no relativo á apertura de espazos de residencias en equipamentos públicos en Galicia. Ao mesmo tempo, recoñeceuse o feito de que hai tempo que moitas compañías, colectivos e artistas viñan reclamando estes espazos e realizando (con certo éxito) exercicios de inxerencia, se ben con pouco recoñecemento formal ou institucional. Nese sentido, o programa de Residencias Paraíso é recibido como un logro que se inspira nas vontades e movementos do sector, e que consegue convencer e vincular por fin ás institucións na necesidade e oportunidade dos obxectivos perseguidos. O relato deste proxecto fala de residencias destinadas a creadores e creadoras de artes do movemento (ou artes vivas), con sede en Galicia e no resto do territorio nacional e con reserva de prioridade aos proxectos galegos, en atención á importancia de tecer contexto no territorio, atendendo precisamente ao baleiro anterior que aquí se daba no relativo aos espazos de residencias. A comisión de valoración da primeira edición, con Xesús Ron, Cris Alonso e Mónica García, seleccionou 7 proxectos de entre 60 presentados, seguindo os criterios de transdisciplinariedade, inclusión de polo menos un proxecto nacional e mantemento de representatividades diversas (dar cabida a creadores e creadoras emerxentes e a consolidadas, incorporar un abanico amplo dos modos de entender esta disciplina, diversos xéneros...). Os proxectos seleccionados usan un dos espazos asociados durante un tempo determinado, e obtéñen unha contía económica como axuda para o desenvolvemento do proxecto presentado na solicitude. Para o colectivo RPM é importante entender as residencias como unha axuda ao proceso creativo que ten un valor en si mesmo polo que merece ser concedida e apoiada dende o público, tanto pola necesidade de apoiar a creación artística (apostando polo talento local) e o acceso á unha cultura diversa, como polos beneficios sociais que resultan da convivencia que os modelos de residencias poden aportar nos espazos municipais. Neste sentido, unha residencia non debe esixir a prestación dunha actuación ou dunha actividade como contrapartida lexítima ao artista ou creadora, unicamente se lle pode esixir que desenvolva a residencia en diálogo coa súa contorna, como devolución xusta do uso de espazos públicos do que disfruta.

> [www.colectivorpm.gal](http://www.colectivorpm.gal)

> vídeo documentación: <https://youtube.com/watch?v=FtV4CLOFHxc>

## > ángel garcía seoane / casas de préstamo do concello de oleiros

Ángel García Seoane é o alcalde do Concello de Oleiros (A Coruña) entre 1985 e 1995, e dende 2003 á actualidade. Cunha poboación que próxima aos 40.000 habitantes, o Concello de Oleiros é o responsable directo da xestión e mantemento de numerosas infraestruturas que son empregadas polas diferentes entidades sociais, culturais e deportivas da contorna, a través do desenvolvemento dun sistema de acceso facilitado que lle permite á veciñanza o uso destes equipamentos municipais.

Entre estes equipamentos atópase un conxunto de casas, expropiadas polo Concello e cedidas á cidadanía mediante un sistema de préstamo que facilita a calquera persoa empadroada en Oleiros solicitar o seu préstamo para realizar festas ou xuntanzas privadas entre amigos ou familiares.

O relato sobre esta iniciativa do céntrase nos distintos sistemas de acceso ao uso destes equipamentos municipais dos que é responsable directo de xestión e mantemento o Concello de Oleiros. No relativo ás casas destinadas ao préstamo nas que se pode realizar actividades ou xuntanzas privadas entre amigos ou familiares, o Concello faise cargo da electricidade, mantemento e limpeza, que non teñen conserxe nin persoal asignado. Calquera veciño ou veciña pode facer uso das mesmas cubrindo unha solicitude e concertando unha cita para recoller a chave.

No apartado de centros socioculturais da web do Concello hai unha ficha de cada unha das casas, coa súa localización e unha ligazón ao formulario para solicitar o seu uso, que inclúe as condicións do mesmo e as responsabilidades que supón utilizalo. Para poder facer uso das casas os veciños e veciñas deben asumir as condicións de uso de cada unha delas e facerse responsables do seu estado (deixalas nas mesmas condicións que as atoparon). As casas son particularmente populares entre a xente nova para organizar encontros e festas, tamén se solicitan para organizar aniversarios e festas familiares. O concello de Oleiros é consciente de que a mocidade mantén relacións nestes espazos e o considera un aspecto normal da vida e das relacións dos mozos e mozas.

> <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/localiza/centros-socio-culturais/centros-municipais>

> **vídeo documentación:** [https://youtube.com/watch?v=-\\_IbjCB83c4](https://youtube.com/watch?v=-_IbjCB83c4)

# > glosario

Recollemos un listado de termos que foron frecuentes, asociándoos aos usos que se lle deron nos relatos e debates, e engadindo tamén notas sobre posibles usos ambivalentes ou contrarios. Tamén facemos apuntes sobre seu uso normativo, para o que incluimos definicións segundo a RAE, empregando esta referencia polo uso do castelá por parte da maioría das persoas convidadas. Para evitar extensión excesiva, as definicións non son a totalidade das que se ofrecen na fonte consultada, senón unha selección das pertinentes para o caso.

Este glosario é daquela froito da observación do uso de certos termos no contexto concreto das xornadas, onde se solapan diversas posturas, de xeito que non debe tomarse como referencia autorizada senón como unha invitación á reflexión e á crítica respecto desta terminoloxía. Tal reflexión faise necesaria en tanto que nos ámbitos nos que conflúen a política e cultura tenden a usarse os termos sobreentendendo significados, como tópicos dalgúns discursos con capacidade para transformar o noso contexto e producir ferramentas concretas de acción, correndo o risco de ser instrumentalizados sen asumir a necesaria responsabilidade respecto das decisións metodolóxicas e formas de facer.

É por todos estes motivos que facer explícitos os acordos de uso dos termos aquí recollidos pode ser tanto unha ferramenta de comprensión dos relatos e debates que se teñen producido no marco das xornadas como un xeito de detectar a súa posible apropiación coa finalidade de lexitimar discursos que poderían ter fins alonxados do ben común.

Como nota final sobre este glosario, aclaramos que non segue unha orde alfabética. Xulgando que este criterio non engadiría información ou mesmo podería confundila, optamos por tecer un encadeamento implícito de temas, relacionados entre si, sen que exista necesariamente unha xerarquía.

## > colectivo/va

No contexto das xornadas, foi empregado como substantivo para referirse a algúns dos casos tratados, pois varios persoas participantes representaban a colectivos concretos. Como adxectivo mantívose no fondo de case todos os relatos, en tanto aspiración ao traballo colectivo e ao ben colectivo. En calquera dos dous usos, o colectivo preséntase como unha alternativa prioritaria á individualidade.

*RAE: 1. adj. Perteneciente o relativo a una agrupación de individuos. / 2. adj. Que tiene virtud de recoger o reunir. / 3. m. Grupo unido por lazos profesionales, laborales, etc.*

## > colaborativo/va

Termo que subliña o feito de que unha actividade se realiza coa participación de varias persoas, e en moitos casos tamén do seu acordo.

Este uso pode resultar superficial cando se tenta presentar unha connotación ética ou anovadora en relación a actividades que, no seu decorrer metodolóxico, levan xa implícita a participación ou os acordos das comunidades afectadas. En varias ocasións, fíxose fincapé na vontade e necesidade da inclusión de comunidades diversas.

*RAE: Hecho en colaboración.*

## > asambleario/a

Modelo de toma de decisións e de organización interna, presente na maioría dos casos tratados nas xornadas. A asemblea acostuma a ser o máximo órgano de lexitimación e organización da actividade dos colectivos, así como das comisións de traballo que funcionan dentro dos mesmos. Noutro plano, as asembleas teñen a función simbólica de facer comunión.

O risco deste modelo, ou dunha fe excesiva na súa eficacia, pode darse cando non se lle asocian mecanismos de mediación e técnicas de produción de consenso, o que pode paralizar as discusións ou pospoñer constantemente a toma de decisións e o paso á acción que se buscaba inicialmente.

*RAE (asamblea): 1. Reunión de los miembros de una colectividad para discutir determinadas cuestiones de interés común y, en su caso, adoptar decisiones.*

## > participación

Aportación que unha parte fai a un todo. No marco das xornadas, ten que ver coa implicación nos proxectos e, especialmente, coa toma de decisións. Os “procesos de participación” serían mecanismos para facer partícipes aos membros dunha colectividade da toma de decisións que lles afectan.

Atendendo á segunda acepción da RAE, podería entenderse a participación como un xeito de dar aviso dunha decisión xa tomada. Algúns procesos participativos poden ser sospeitosos de funcionar nesta dirección, como mecanismos de lexitimación do que realmente se decide noutros ámbitos. A idea de “participación” como “lexitimación” tamén pode tirarse das acepcións 3 a 5 da RAE, que apuntan ás connotacións de “participación” como título de valor.

*RAE: 1. f. Acción y efecto de participar. / 2. f. Aviso, parte o noticia que se da a alguien. / 3. f. Parte que se juega en un número de lotería. / 4. f. Billete en que consta. / 5. f. Econ. Parte que se posee en el capital de un negocio o de una empresa.*

## > procomún

Aqueles bens sobre os que, non sendo de propiedade pública ou privada, se acorda unha regulación de xeito comunitario. Con isto evitaríase o acaparamento e acumulación restritiva de bens, e/ou que se destinen a fins especulativos. O “pro-” inicial remite a un estar “a favor de”, neste caso, a favor do común ou dos comúns.

Non son frecuentes os usos deste termo noutros sentidos, pero a súa instrumentalización discursiva sempre é un risco.

*RAE: 1. m. Utilidad pública.*

## > retorno

No marco das xornadas, asociouse á necesidade de avaliar os proxectos.

Pode caer nunha lóxica economicista pola dificultade das avaliacións dentro dunha lóxica social, onde se dan outro tipo de “retornos”. Aínda que existan métodos e técnicas específicas para este tipo de avaliacións, segue sendo necesario ter en conta as subxectividades ou climas afectivos colectivos.

Se algo retorna, ¿Que se envía antes?.

*RAE: 1. m. Acción y efecto de retornar. / 2. m. Paga, satisfacción o recompensa del beneficio recibido. / 3. m. Cambio o trueque.*

## > balance

Instrumento de análise e/o avaliación dun proxecto. Termo de orientación económico-financeira, dificilmente aplicable a una valoración de outro tipo de resultados: Calquera avaliación ten algo de busca de beneficios e pode caer na lóxica do cálculo, sen atender ás finalidades “profundas”.

Algunhas acepcións do termo segundo a RAE teñen connotacións de equilibrio, o que nos fai pensar no balance como xeito de evitar unha posible “caída”. Facer un balance implicaría certa consciencia de inestabilidade e a detección de puntos nos que focalizar a atención e os coidados.

*RAE: 1. m. Movimiento de un cuerpo hacia un lado y hacia el otro. / 2. m. Estudio comparativo de las circunstancias de una situación, o de los factores que intervienen en un proceso, para tratar de prever su evolución. / 3. m. Econ. Análisis del activo y el pasivo para determinar el estado económico de una empresa o entidad. / 5. m. Econ. Documento que, junto a la cuenta de pérdidas y a la memoria, forma las cuentas anuales de una entidad. / 8. m. desus. Vacilación, inseguridad.*

## > valor

Termo moi polisémico. En calquera caso, parece manter sempre certa relación co desexo: o valor depende da intensidade do desexo de acadar algo e da dificultade para conseguilo.

Aínda que no contexto das xornadas se tentou alonxar este termo das acepcións economicistas, en contextos máis amplos resulta difícil manter esta dirección no seu uso. A primeira acepción da RAE remite á utilidade, pero a tendencia interpretativa aludida fai que tendamos a entender “valor” segundo o emprego deste termo nos discursos de mercado.

*RAE: 1. m. Grado de utilidad o aptitud de las cosas para satisfacer las necesidades o proporcionar bienestar o deleite. / 2. m. Cualidad de las cosas, en virtud de la cual se da por poseerlas cierta suma de dinero o equivalente. / 6. m. Rédito, fruto o producto de una hacienda, estado o empleo. / 8. m. Cualidad del ánimo, que mueve a acometer resueltamente grandes empresas y a arrostrar los peligros. / 13. m. pl. Econ. Títulos representativos o anotaciones en cuenta de participación en sociedades, de cantidades prestadas, de mercaderías, de depósitos y de fondos monetarios, futuros, opciones, etc., que son objeto de operaciones mercantiles.*

## > convenio

Un dos instrumentos xurídicos de relación coas institucións públicas ou entidades privadas. Método de adxudicación directa dun servizo ou cesión dun espazo público baseado no especial interese do proxecto ou actividades para as que dito ben se cede.

Contén diversos acordos, obrigas e dereitos específicos, non necesariamente simétricos para as partes. Pode implicar ou non transacción económica. A confusión ou descoñecemento en torno aos criterios de gratuidade, da cesión de bens materiais, da cesión de usos inmateriais ou da valoración económica das posibles contraprestacións pode suscitar conflitos de interpretación das obrigas e responsabilidades contidas nos acordos, rexidos en todo caso polo cumprimento do establecido na normativa vixente. Dada a complexidade técnica dos procesos de negociación dos convenios, preséntase como necesario contar con coñecemento ou asesoramento xurídico.

*RAE: 1. m. Acuerdo o pacto. // convenio colectivo 1. m. Acuerdo vinculante entre los representantes de los trabajadores y los empresarios de un sector o empresa determinados, que regula las condiciones laborales.*

## > subvención

Outro instrumento de relación coas institucións públicas ou entidades privadas consistente no aporte de diñeiro público aos orzamentos dun proxecto, ben sexa por concorrencia competitiva ou adxudicación nominal. Apoio económico ou dotación orzamentaria pública.

Segundo o modelo de subvención, pregos técnicos, bases ou convocatoria, o aporte pode correr o risco de ser necesario, pero insuficiente e condicionante, cando o seu obxectivo debería ser o fomento da autonomía dos proxectos ou colectividade solicitantes. Pode derivar noutra forma de endebedamento sen necesidade de capital inicial, ou mesmo nunha trampa que impide saír do traballo precario, cando non se teñen en conta criterios de desprecarización ou corresponsabilidade respecto do fluxo económico.

*RAE: 1. f. Acción y efecto de subvenir o subvencionar. / 2. f. Ayuda económica que se da a una persona o institución para que realice una actividad considerada de interés general.*

## > concurso público

Instrumento de adxudicación de recursos ou contratación pública dos mesmos para a realización de actividades de interese público así como para a provisión de postos con persoal laboral en entidades pertencentes ao Sector Público. Rexido polos principios de concorrencia de méritos, publicidade e equidade. Presúmese o fin social da actividade, a transparencia do procedemento e o rigor na valoración, pero as deficiencias ou limitacións na redacción dos pregos técnicos ou das bases das diferentes convocatorias acostuma a ser fonte de reclamacións e disputas, ben sexa entre candidaturas competidoras ou mesmo sobre candidaturas únicas, cando estas poderían ter sentido pola relación específica entre o proxecto e o seu contexto.

Non por cumprir coas esixencias de transparencia esixibles á administración pública, o concurso público ten que ser sempre un instrumento xurídico axeitado. As normas vixentes para este tipo de relación soen imponen unha excesiva formalización xurídica de iniciativas e colectividade que soen caer na constitución formal dunha asociación como forma xenérica.

*RAE: 1. m. concurrencia (conjunto de personas). / 2. m. Coincidencia de sucesos, circunstancias o cosas diferentes. / 3. m. Asistencia, participación, colaboración. / 4. m. Oposición que por medio de ejercicios científicos, artísticos o literarios, o alegando méritos, se hace a prebendas, cátedras, etc. / 5. m. Competencia entre quienes aspiran a encargarse de ejecutar una obra o prestar un servicio bajo determinadas condiciones, a fin de elegir la propuesta que ofrezca mayores ventajas.*

## > experto/a

O xeito de entender este termo nas xornadas non foi explícito, pero podería apuntarse claramente: o “experto” non é simplemente un “técnico”, é unha persoa ou comunidade con coñecementos ou experiencia para avaliar un caso, actuando na práctica como un axente da autoridade. O termo acostuma a levarse máis alá do académico ou técnico. Coma nos tests de intelixencia, non se trataría de medir unha calidade obxectiva, senón de exercer o poder de discriminar.

*RAE: Dicho de una persona: Práctica o experimentada en algo / Especializada o con grandes conocimientos en una materia.*



## > empoderar

Acadar poder no sentido de acadar potencia.

Conversión da vulnerabilidade dun suxeito individual ou colectivo en potencia activa fronte ao exercicio do poder instaurado. O risco do empoderamento reside en que o proceso podería conlevar violencia por calquera das partes implicadas ou “cristalizar” en estruturas tan autoritarias coma aquelas que pretendían contrapesarse.

*RAE: 1. tr. Hacer poderoso o fuerte a un individuo o grupo social desfavorecido.*

## > autoxestión

Aínda que nas xornadas tivo un uso bastante neutro: modelo de xestión autónomo, non dependente de vontades de terceiros, pero noutros contextos funciona ás veces como lugar común en certos discursos retóricos. En ocasións pode chegar a empregarse o termo de xeito acrítico, ambiguo ou redundante, co único obxectivo de “evocar” unha serie de connotacións de autonomía que se lle asocian. Neste caso, a definición da RAE é bastante precisa e delimitaría os usos lexítimos con claridade:

*RAE: 1. f. Econ. Sistema de organización de una empresa según el cual los trabajadores participan en todas las decisiones.*

## > corresponsabilidade

Reparto dunha responsabilidade que debe de ser compartida por acordo entre as partes ou pola normativa vixente respecto do funcionamento da Administración Pública.

Sendo a súa garantía unha obriga establecida no contrato social, na constitución e nos pactos internacionais, e sendo o a participación na toma de decisións públicas un dereito fundamental, a demanda de implicación cívica podería establecer de xeito implícito unha deber de traballo ou produción que viría a sumarse ás obrigas laborais, remuneradas pero non necesariamente cívicas.

*RAE (corresponsable): 1. adj. Que comparte la responsabilidad con otro u otros.*

## > lexitimidade

O termo faría relación ás normas aceptadas por unha comunidade como máis garantistas, así como a aplicación das mesmas en virtude de tal aceptación.

Ten relación coa herdanza, na medida en que esta estaría suxeita a normas que a vontade individual non podería infrinxir.

Aínda que require aceptación por parte “dos outros”, pode derivar na obriga de aceptar por lei. Fronte á estabilidade das leis escritas, a lexitimidade nunca é completa nin estable. Lexitimidade e legalidade non teñen por que ser coincidentes. Na súa fricción establécese o espazo público para a creación de políticas, tanto dende a institución como dende a comunidade social.

O termo pode converterse nunha coartada de índole numérica cando, por exemplo, se identifica unicamente a lexitimidade dunha decisión coa cantidade da participación na súa toma.

*RAE (legítimo/ma): 1.1. adj. Conforme a las leyes. / 2. adj. lícito (justo). / 3. adj. Cierto, genuino y verdadero en cualquier línea. / 4. f. Der. Porción de la herencia de que el testador no puede disponer libremente, por asignarla la ley a determinados herederos.*

## > gobernanza

Tería que ver co “bo gobernar”, é dicir, cunha calidade das formas de goberno, pero en ocasións tamén se refire a esas mesmas formas: nas xornadas falouse de “modelos de gobernanza”. Por contraposición a “goberno” como órgano especializado, o termo “gobernanza” faría énfase na organización común dun sistema no que participan todas as partes implicadas.

Se a organización se fai ríxida, pode derivar en formas contrarias aos modelos sociais de participación ou bo goberno. Nalgúns casos, podería derivar na especialización, ou mesmo no totalitarismo.

Trataríase de entender a gobernanza como a arte de modular as tensións entre a violencia conservadora e a violencia fundadora, que inevitablemente constitúen os ciclos do exercicio do poder.

*RAE: 1. f. Arte o manera de gobernar que se propone como objetivo el logro de un desarrollo económico, social e institucional duradero, promoviendo un sano equilibrio entre el Estado, la sociedad civil y el mercado de la economía. / 2. f. desus. Acción y efecto de gobernar o gobernarse.*

## > mediación

Forma de xestión de conflitos: o axente mediador abriría un espazo de diálogo entre as partes enfrontadas.

Nun posible desvío de poder, o/a mediador/a podería acabar converténdose en “intermediario”, explotando o espazo aberto para obter uns beneficios alleos aos intereses das partes. Isto podería ocorrer cando as mediacións non están incluídas na metodoloxía dun proxecto, podendo converterse en canles de fuga de potencias ou recursos. Como en moitos outros dos termos incluídos neste glosario, convén apuntar a necesidade de ir máis aló do seu uso superficial e subliñar a esixencia de aplicar unhas metodoloxías concretas e rigorosas, propias das formas de facer que se defenderon nas

xornadas.

*RAE: 2. f. Der. Actividad desarrollada por una persona de confianza de quienes sostienen intereses contrapuestos, con el fin de evitar o finalizar un litigio.*

## > tradición

Sedimentación de usos e costumes. Chan asentado e relativamente estable sobre o que se pode construír con certas garantías. Non desaparece aínda que se omita. É necesario tomar posición fronte á mesma. As rupturas acostuman a ser entrópicamente moi custosas (esfuerzo para destruír, esforzo de conflito, esforzo de construción do totalmente novo ou esforzo para impoñelo).

Legado que, segundo se actúe, pode manterse inerte ou poñerse en obra.

*RAE: 1. f. Transmisión de noticias, composiciones literarias, doctrinas, ritos, costumbres, etc., hecha de generación en generación. / 3. f. Doctrina, costumbre, etc., conservada en un pueblo por transmisión de padres a hijos. / 6. f. Elaboración literaria de narraciones orales, fiestas o costumbres propias de un pueblo. / 7. f. Der. Entrega a alguien de algo. Tradición de una cosa vendida.*

## > tempo

Asúmese como capital de grande relevancia, empregando aquí terminoloxía economicista para chamar a atención sobre a tendencia a especular con el. En termos máis orgánicos, ten que ver coas necesidades e os límites das persoas e dos proxectos: tempos imprescindibles de traballo e de asentamento, tempos subxectivos, dispoñibilidade, implicación, calidade do tempo. O tempo nunca é libre.

*RAE: 1. m. Duración de las cosas sujetas a mudanza. / 2. m. Magnitud física que permite ordenar la secuencia de los sucesos, estableciendo un pasado, un presente y un futuro, y cuya unidad en el sistema internacional es el segundo. / 3. m. Parte de la secuencia de los sucesos. / 6. m. edad. [...] / 8. m. Oportunidad, ocasión o coyuntura de hacer algo. / 9. m. Espacio de tiempo disponible para la realización de algo. / 11. m. Cada uno de los actos sucesivos en que se divide la ejecución de algo; como ciertos ejercicios militares, las composiciones musicales, etc. / 12. m. Estado atmosférico.*

## > cambio

No sentido no que se empregou nas xornadas, refírese a cambio de paradigma: o relevo dun modelo de comprensión e actuación por outro que posibilite resolver novos problemas ou adaptarse a novos contextos. O termo deriva con frecuencia noutro uso como palabra-talismán, lugar común ou emblema retórico, podendo delatar tendencias de busca do cambio polo cambio, cando en moitas ocasións se trata máis dun “lifting” que dunha renovación. “O mellor é inimigo

do bo”. Algunhas acepcións da RAE suxiren interpretar o cambio como cambio de valores.

*RAE: 1. m. Acción y efecto de cambiar. / 2. m. Dinero fraccionario de billetes o monedas de mayor valor. / 3. m. vuelta (dinero). / 4. m. Valor relativo de las monedas de diferentes países.*

## > flexibilidade

Palabra empregada con frecuencia no discurso mercantil e/ou liberal nunha dirección que nas xornadas se tratou de contrarrestar: a flexibilidade debería estar ao favor da parte vulnerable e non na súa contra.

*RAE (flexible): 1. adj. Que tiene disposición para doblarse fácilmente. / 2. adj. Que se adapta con facilidad a la opinión, a la voluntad o a la actitud de otro u otros. Carácter, persona flexible. / 3. adj. Que no se sujeta a normas estrictas, a dogmas o a trabas. Ideología, legislación flexible. / 4. adj. Susceptible de cambios o variaciones según las circunstancias o necesidades.*

## > ecoloxía cultural

Locución que se emprega con certa analogía respecto dos termos da Bioloxía. Tería que ver cunha concepción ampla da cultura e da relación desta co seu contexto. Trataría de evitar identificacións parciais como a que equipara de forma implícita cultura e industria cultural. Relaciónase máis coa busca de situacións de equilibrio que de crecemento. O crecemento sostible podería ser unha contradición nos termos. “¿Por que adicar recursos á cultura se se poden adicar á vida?”

*RAE (ecología): Ciencia que estudia los seres vivos como habitantes de un medio, y las relaciones que mantienen entre sí y con el propio medio.*

## > sustentabilidade

Termo relativo á conciencia da limitación dos recursos e ao cálculo no seu consumo. Pode delatar incapacidade para asumir a caducidade dos proxectos e/ou das persoas. Nesta dirección, podería entenderse como unha habilidade de equilibrio para retardar a caída.

En ocasións emprégase como termo económico, cando se refire ao caudal de recursos que un proxecto precisa para manterse activo ou avanzar.

*RAE: 1.f. Cualidad de sostenible (1. adj. Que se puede sostener. Opinión, situación sostenible. 2. adj. Especialmente en ecología y economía, que se puede mantener durante largo tiempo sin agotar los recursos o causar grave daño al medio ambiente. Desarrollo, economía sostenible).*

## > subxectividade

Aquelo que define a un individuo en oposición ao seu exterior, aquelas diferencias que non serían aparentes senón constitutivas. A subxectividade nin se posúe nin se padece, négociase co exterior, cos outros: o suxeito precisa negociarse co común e o común precisa ser negociado polas subxectividades. Aínda que a subxectividade está suxeita a factores bastante obxectivos, non pode reducirse aos mesmos. Cando se refire a un xuízo, implicaría parcialidade. Por este motivo, os discursos de lexitimación tenden a omitila, presentándose como relatos obxectivos e ocultando así esa parcialidade.

“A obxectividade é a ilusión da emisión sen emisor”.

*RAE (subjetivo/va): 1. adj. Perteneciente o relativo al sujeto, considerado en oposición al mundo externo. / 2. adj. Perteneciente o relativo al modo de pensar o de sentir del sujeto, y no al objeto en sí mismo. / 3. adj. Gram. Perteneciente o relativo al sujeto o al agente.*

## > conflito

A connotación de loita deste termo é ineludible, pero pode tratarse dunha loita creativa. O conflito é produtivo cando se produce nun marco acordado, pero é precisamente a falta de acordo sobre o marco unha das súas causas principais. O conflito pode entenderse como unha condición de posibilidade, o lugar no que se xeran as mesmas posibilidades de pensamento e actuación.

A política evita o conflito, prefire o consenso. A cultura (ou unha parte dela) habita o conflito, fai del un lugar habitable. Resulta especialmente pertinente a acepción 5 da RAE, en tanto que alude ao conflito dentro dun mesmo suxeito, que pode ser colectivo.

*RAE: 1. m. Combate, lucha, pelea. U. t. en sent. Fig. / 2. m. Enfrentamiento armado. / 3. m. Apuro, situación desgraciada y de difícil salida. / 4. m. Problema, cuestión, materia de discusión. / 5. m. Psicol. Coexistencia de tendencias contradictorias en el individuo, capaces de generar angustia y trastornos neuróticos. // conflicto colectivo : 1. m. En las relaciones laborales, conflicto que enfrenta a los trabajadores, a través de sus representantes, con los empresarios. Afecta a una empresa o a un sector económico y su resolución tiene efectos generales.*

## > feminismo

Metodoloxía e/ou tradición crítica, empregada en diversas ocasións e maneiras nestas xornadas. Neste contexto, pode entenderse como un instrumento de análise e/ou avaliación de proxectos baixo a perspectiva das relacións de poder articuladas no eixo desta metodoloxía. Como en case todos os termos referidos neste glosario, está presente a posibilidade dun uso totalmente oposto: a ferramenta crítica pode converterse nunha ferramenta de lexitimación. Neste sentido poden entenderse moitas alusións ao termo en discursos politizados ou instrumentais, tentando fagocitar e neutralizar as críticas que se lle opoñen.

*RAE: 1. m. Ideología que defiende que las mujeres deben tener los mismos derechos que los hombres. / 2. m. Movimiento que se apoya en el feminismo.*

## > confianza

Predisposición afirmativa ante alguén ou algo. Oponse á desconfianza, que sería unha predisposición a reaccionar en contra de alguén ou algo. Nas xornadas empregouse en referencia ao trato entre as persoas que comparten un proxecto, calquera que sexan os seus roles dentro do mesmo.

Sería unha calidade das relacións e dos espazos nas que se producen. Neste sentido, deberían procurarse espazos de confianza, onde estar na casa.

Está relacionada coa fe, pero é menos abstracta.

Aforra enerxía de control, pero tamén pode abusarse dela.

*RAE: 1. f. Esperanza firme que se tiene de alguien o algo. / 2. f. Seguridad que alguien tiene en sí mismo. / 3. f. Presunción y vana opinión de sí mismo. / 4. f. Ánimo, aliento, vigor para obrar. / 5. f. familiaridad (llaneza en el trato). / 6. f. Familiaridad o libertad excesiva. U. m. en pl. / 7. f. desus. Pacto o convenio hecho oculta y reservadamente entre dos o más personas, particularmente si son tratantes o del comercio.*

## > afecto

Aspecto emotivo presente en todas as relacións sociais pero que tende a omitirse cando estas son profesionais. As excepcións acostuman a darse precisamente no ámbito da cultura. Con prudencia, podería definirse como intensidade móbil que emana tanto dos suxeitos como dos obxectos e que flúe entre eles. Será aquilo que nos move cara a algo, aínda que non precise confianza. Nas xornadas subliñouse a importancia de que o traballo social se oriente cara o rigor como afecto, ou o afecto como rigor, aínda que tamén se apuntou ao risco de que a vinculación entre afecto e rigor poida implicar cálculo, manipulación ou inercia administrativa.

A maioría das acepcións recollidas pola RAE diríxense a usos máis fríos do termo: pode implicar relación de dependencia ou obediencia debida. No ámbito das xornadas, o termo non se manexou neste senso, senón vinculado á necesidade dos coidados.

*RAE (afecto/a): 1. adj. Inclinado a alguien o algo. / 2. adj. Dicho de un beneficio eclesiástico: Que tiene alguna particular reserva en su provisión, y más comúnmente la del papa. / 3. adj. Dicho de una posesión o de una renta: Sujeta a alguna carga u obligación. / 4. adj. Dicho de una persona: Destinada a ejercer funciones o a prestar sus servicios en determinada dependencia. / 5. adj. Med. Que sufre o puede sufrir alteración morbosa. // (afecto 2) : 1. m. Cada una de*

*las pasiones del ánimo, como la ira, el amor, el odio, etc., y especialmente el amor o el cariño.*

## > **coidados**

Atencións entre persoas/corpos, tanto no plano material como no plano dos afectos.

Forman parte esencial dun proxecto sociocomunitario rigoroso e integrado no seu contexto, e fan “baixar á terra” ás súas estruturas, modos de organización, planificación, etc. Segundo o apuntado nas definicións da RAE, pode implicar certa situación de alerta polo temor aos erros, pero aínda neste senso pode cumprir a función de manter activa a atención cara aspectos máis sutís, pero tamén necesarios, no funcionamento dos proxectos.

*RAE (cuidado): 1. m. Solicitud y atención para hacer bien algo. / 2. m. Acción de cuidar (asistir, guardar, conservar). / 3. m. Recelo, preocupación, temor. / 4. interj. U. para amenazar o para advertir la proximidad de un peligro o la contingencia de caer en error. / 5. interj. U. con sentido ponderativo o para llamar la atención.*

# > hipervínculos

## Documentación e bibliografía Hiperespazos

- # Hiperespazos. Documentos en aberto das xornadas - <https://hiperespazos.tumblr.com/en%20aberto>
- # RPM. Archivo de vídeos Hiperespazos - <https://www.colectivorpm.gal/copia-de-videos>
- # Residencias artísticas e espazos sociais e centros de xestión cívica. Bibliografía reunida por Hiperespazos - <https://drive.google.com/drive/folders/0B6jfSOsIq7T5a0YxdEgzTmtpclE?usp=sharing>

## Xornadas e encontros sobre cultura, participación e xestión cívica

- # Como tramitar un unicornio. Soluciones para una gestión cultural desde lo público - <http://tramitarunicornio.com/presentacion/>
- # Encontros “Cultura y Ciudadanía” - <https://www.mecd.gob.es/cultura/areas/cooperacion/mc/encuentro-cultura-ciudadania/inicio.html>
- # Conclusiones y resultados de las jornadas de participación en el ICAS Sevilla. Documento base para la reflexión de políticas culturales de Sevilla. - <http://www.icas-sevilla.org/conclusiones-y-resultados-de-las-jornadas-de-participacion-artes-escenicas-y-musica/>

## Lecturas recomendadas pola Relatoría

- # Una utopía subterránea - <https://www.goodreads.com/book/show/23153681-beaubourg-una-utop-a-subterr-nea>
- # Arte, cultura, ética y política (blog de Santi Eraso) - [www.santieraso.wordpress.com](http://www.santieraso.wordpress.com)
- # Ecoloxía e cultura | ontoloxía orientada a obxectos - Timothy Morton - <http://www.cccb.org/es/multimedia/videos/kosmopolis-17-el-cambio-esta-cambiando/227129>
- # Alg-a Lab / Contexto galego - <http://algalab.weebly.com>
- # Contexto cultural galego / Canles de creación experimental (1975-2012) <http://baleiro.org/content/canles-alternativas-de-creaci%C3%B3n>
- # Redes de centros culturais en Europa - <http://teh.net>
- # Portal de mobilidade cultural: <https://on-the-move.org>
- # Portal de residencias artísticas: <http://www.transartists.org/activities/database>
- # Residencia Antropocode / Summer of Labs - <http://baleiro.org/content/residencia-artropocode-summer-labs-2013>